Sobre o proceso de selección das participantes no obradoiro dual Río Arnoia, promovido polos concellos de Cartelle, A Merca e Ramirás

- 40727 - 27324 (11/PRE-012854)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio

Sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia da execución orzamentaria do terceiro trimestre do ano 2021 da partida 723A, relativa á competitividade e mellora da calidade de produción pesqueira e da acuicultura

- 40725 - 27350 (11/PRE-012873)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio

Sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia da execución orzamentaria do terceiro trimestre do ano 2021 da partida 723B, relativa á regulación das producións e dos mercados da pesca

- 40723 - 27353 (11/PRE-012875)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio
Sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia da execución orzamentaria do terceiro trimestre do ano 2021 da partida 723C, relativa ao desenvolvemento sustentable das zonas de pesca

- 40722 - 27360 (11/PRE-012880)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio

Sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia da execución orzamentaria do terceiro trimestre do ano 2021 da partida 723C, relativa ao desenvolvemento sustentable das zonas de pesca

- 40721 - 27489 (11/PRE-012928)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio

Sobre a valoración da execución orzamentaria da partida 513A no segundo trimestre do ano 2021, relativa á construción, conservación e explotación portuaria

- 40720 - 27490 (11/PRE-012929)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio

Sobre a valoración da execución orzamentaria da partida 514A no segundo trimestre do ano 2021, relativa a infraestruturas pesqueiras

- 40719 - 27491 (11/PRE-012930)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio

Sobre a valoración da execución orzamentaria da partida 723B no segundo trimestre do ano 2021, relativa á regulación das producións e dos mercados da pesca

- 40718 - 27493 (11/PRE-012932)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio

Sobre a valoración da execución orzamentaria da partida 723C no segundo trimestre do ano 2021, relativa ao desenvolvemento sustentable das zonas de pesca

- 40758 - 27499 (11/PRE-012937)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto da repartición de cotas pesqueiras para o ano 2022

- 40716 - 27561 (11/PRE-012961)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre o reforzo da demanda cultural e os Bonos Cultura

- 40999 - 27570 (11/PRE-012968)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Queixas Zas, Mercedes e Bará Torres, Xosé Luís
Sobre a intervención pública no futuro dos terreos portuarios da Coruña

- 40755 - 27775 (11/PRE-013027)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 3 máis

Sobre os datos con que conta o Goberno autonómico respecto da afección da pandemia da covid-19 nas mulleres galegas e as previsións dun plan de choque para rectificar as desigualdades

- 40714 - 27781 (11/PRE-013033)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre a postura da Xunta de Galicia respecto do compromiso coa igualdade real entre homes e mulleres das universidades públicas galegas

- 40754 - 27858 (11/PRE-013068)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 3 máis

Sobre a resolución da convocatoria das axudas do Programa Emega 2021

- 41021 - 27999 (11/PRE-013119)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a demanda dun plan estratéxico para o porto da Coruña

- 40813 - 28213 (11/PRE-013187)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno de Galicia respecto do aumento do persoal investigador para o centro Intecmar

- 40777 - 28308 (11/PRE-013214)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Francisco Rivera, Juan Carlos

Sobre as actuacións do Goberno galego para acadar a execución da totalidade dos fondos de achega estatal do IV Plan de rescate

- 40776 - 28309 (11/PRE-013215)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre as actuacións do Goberno galego para acadar a execución da totalidade dos fondos de achega estatal do IV Plan de rescate

- 40892 - 28788 (11/PRE-013316)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 3 máis



Sobre as previsións do Goberno galego respecto da paralización por parte da Autoridade Portuaria de Vigo de calquera proxecto que supoña novos recheos na ría e a realización dun estudo que permita diferenciar as actividades que precisan estar na terminal de Bouzas

- 40808 - 28792 (11/PRE-013320)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre as previsións da Consellería do Mar respecto da construción da vía de acceso sur ao porto da Guarda no primeiro semestre de 2021 e as súas razóns para non consignar a partida orzamentaria necesaria para ese fin

- 41071 - 28857 (11/PRE-013347)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto da posible adquisición das instalacións da antiga conserveira de Esteiro do Grupo Calvo

- 40891 - 29011 (11/PRE-013365)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre a nave para usos privados que se está a construír no porto do Xufre, na Illa de Arousa

- 40773 - 29041 (11/PRE-013377)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre a execución total do fondo recollido na Orde HAC/283/2021, do 25 de marzo, relativa á distribución entre comunidades autónomas dos recursos da liña covid de axudas directas a autónomos e empresas

- 40890 - 29730 (11/PRE-013460)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis

Sobre as actuacións que está a levar a cabo e as previstas polo Goberno galego en relación coa baixada da produción marisqueira da ría de Ferrol, as súas causas e a realización dalgún estudo ao respecto

- 40889 - 29743 (11/PRE-013471)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma

Sobre a información que lle está a trasladar o Goberno galego ao sector mar-industria-alimentario respecto das modificacións legislativas que o poden afectar

- 41130 - 29766 (11/PRE-013479)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis



Sobre a modificación unilateral das condicións laborais da empresa Saerco (Servicios Aeronáuticos Control y Navegación)

- 40888 - 29789 (11/PRE-013482)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da solicitude ao Goberno central da transferencia a Galicia das competencias da xestión do dominio público marítimo-terrestre, así como a elaboración dun plan integral para conciliar os valores medioambientais, económicos, turísticos e paisaxísticos da costa galega

- 41067 - 29924 (11/PRE-013507)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre as medidas previstas pola Consellería do Mar para paliar a situación en que se atopa a frota de palangre de superficie

- 40710 - 30238 (11/PRE-013535)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 3 máis

Sobre o estado en que se atopa o Plan galego de conciliación e corresponsabilidade 2018-2021

- 41100 - 30297 (11/PRE-013537)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 3 máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia respecto do impacto na economía galega e na vida das mulleres do empobrecemento e do aumento das desigualdades de xénero

- 40750 - 30402 (11/PRE-013548)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 3 máis

Sobre as accións da Xunta de Galicia en relación co cumprimento da lexislación en materia de igualdade entre mulleres e homes no ámbito universitario e da investigación e as previsións respecto da presentación da avaliación do II Programa Muller e Ciencia

- 40707 - 30428 (11/PRE-013557)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto do número de accidentes que rexistra o sector servizos

- 41065 - 30731 (11/PRE-013581)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 4 máis

Sobre a creación dun observatorio galego da igualdade entre homes e mulleres no sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola



- 41128 - 30767 (11/PRE-013588)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, Daniel e 2 máis

Sobre a valoración do Goberno respecto da situación socioeconómica das mulleres galegas

- 40916 - 30777 (11/PRE-013590)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do obxectivo de facilitar o acceso das mulleres aos órganos de dirección, representación e organización no sector da pesca

- 41063 - 30818 (11/PRE-013594)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e 2 máis

Sobre a situación das mulleres trans no eido laboral

- 41061 - 30825 (11/PRE-013595)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonzo, Ramón e Pérez Fernández, Rosana

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia respecto da recuperación da produción marisqueira da ría de Ferrol

- 40706 - 31163 (11/PRE-013636)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 3 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da elaboración do Estatuto da muller rural de Galicia

- 40910 - 31220 (11/PRE-013643)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre o proxecto de adecuación da superficie de acceso ao peirao de Raxó, en Pontevedra

- 41097 - 31333 (11/PRE-013651)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, Daniel e 3 máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para garantir o mantemento da actividade e dos servizos que se prestan nas delegacións locais do Instituto Social da Mariña na Costa da Morte

- 41125 - 31503 (11/PRE-013665)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonzo, Ramón e 4 máis

Sobre o cesamento das persoas contratadas por ASCM Ferrol ao abeiro de subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación coas entidades sen ánimo de lucro

- 40802 - 31934 (11/PRE-013700)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 4 máis

Sobre os datos relativos ao paro rexistrado en Galicia que ofrecen os ministerios de Traballo e Economía Social e de Inclusión, Seguridade Social e Migracións

- 40801 - 31935 (11/PRE-013701)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 4 máis

Sobre os datos relativos ao paro rexistrado en Galicia que ofrecen os ministerios de Traballo e Economía Social e de Inclusión, Seguridade Social e Migracións

- 41058 - 32165 (11/PRE-013718)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre o funcionamento da Inspección de Traballo e Seguridade Social en Galicia e as actuacións realizadas e previstas pola Xunta de Galicia para melloralo

- 40702 - 32324 (11/PRE-013732)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 2 máis

Sobre a actividade do Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero desde a súa creación e a previsión de xuntanzas para o ano 2022

- 40701 - 32531 (11/PRE-013760)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do funcionamento da Filmoteca de Galicia

- 40697 - 32674 (11/PRE-013772)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre conservación e posta en valor da torre de Sande, no concello de Cartelle

- 40696 - 33071 (11/PRE-013814)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis

Sobre as actuacións da Consellería de Cultura, Educación e Universidade respecto da conservación e protección da torre de Sande

- 40694 - 33082 (11/PRE-013816)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para recuperar a convocatoria anual das probas de habilitación profesional para a tradución e a interpretación xurada doutras linguas para o galego e viceversa

- 40692 - 33113 (11/PRE-013820)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia

Sobre a valoración do Goberno galego respecto do informe Oferta, demanda e prácticas culturais nos menores de 16 anos, do Observatorio da Cultura Galega, do Consello da Cultura Galega

- 40690 - 33542 (11/PRE-013872)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis

Sobre as previsións da Consellería de Emprego e Igualdade para que os servizos públicos ou as entidades sociais colaboradoras poidan acreditar cun informe a condición de vítima de trata e explotación sexual

- 40688 - 33744 (11/PRE-013890)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do futuro Estatuto da muller rural e da súa extensión ás mulleres do mar

- 40686 - 33920 (11/PRE-013911)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 3 máis

Sobre a valoración do aumento de casos de agresións por odio contra as persoas do colectivo LGTBI e do grao de cumprimento da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, no ámbito escolar

- 40683 - 33998 (11/PRE-013921)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonzo, Ramón e 2 máis

Sobre os efectos da inflación nos salarios

- 40680 - 34430 (11/PRE-013964)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 3 máis

Sobre a valoración respecto dos casos de agresións de odio contra as persoas lesbianas, gais, transxénero, transexuais, bisexuais e intersexuais e as medidas previstas ao respecto

- 41096 - 34806 (11/PRE-014009)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, Daniel e 2 máis

Sobre os efectos das medidas implementadas nos últimos anos no mercado laboral

- 40678 - 34897 (11/PRE-014019)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis

Sobre as medidas previstas polo Servizo Galego de Saúde para solucionar os problemas do Centro de Saúde de Rianxo en horario de tarde



- 41056 - 35327 (11/PRE-014072)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e 2 máis

Sobre a garantía da protección de datos na admisión de doentes na entrada ao servizo de urxencias do punto de atención continuada de Arteixo

- 41055 - 35349 (11/PRE-014074)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para dotar de dous profesionais de psiquiatría o cadro de persoal do Servizo de Saúde Mental da Mariña

- 40676 - 35455 (11/PRE-014085)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 4 máis

Sobre o incumprimento por parte da Consellería de Emprego e Igualdade do compromiso de reunir no primeiro trimestre do 2022 o Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero e as medidas que están a tomar desde a Xunta de Galicia ante a sucesión incesante de agresións LGTBfóbicas na nosa comunidade

- 41095 - 35562 (11/PRE-014099)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón e 2 máis

Sobre a situación do estaleiro vigués Barreras

- 41053 - 35611 (11/PRE-014105)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 3 máis

Sobre a avaliación por parte do Goberno galego da repercusión do peche de camas, diminución de quirófanos, probas diagnósticas e consultas nas listas de espera da Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés

- 40745 - 35760 (11/PRE-014122)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 3 máis

Sobre a postura do Goberno galego respecto das entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro que reciben subvencións para programas dirixidos a mulleres en situación de especial vulnerabilidade

- 40675 - 35995 (11/PRE-014144)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 2 máis

Sobre a necesidade de dispoñer da versión en galego nas redes sociais e demais aplicacións

- 40673 - 36053 (11/PRE-014151)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia

Sobre as inspeccións e as medidas de control que leva a cabo a Xunta de Galicia en relación coa seguridade e as condicións laborais dos eventos que patrocina baixo a fórmula do Xacobeo, así como as actuacións realizadas, en concreto, ante o accidente acontecido no festival O Son do Camiño

- 41094 - 36149 (11/PRE-014165)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e 6 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación co desenvolvemento do Plan de infraestruturas sanitarias de atención primaria na provincia de Ourense

- 41093 - 36154 (11/PRE-014166)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre as inspeccións levadas a cabo ou previstas pola conselleira de Emprego e Igualdade nas instalacións da empresa Surexport co fin de garantir a protección da saúde laboral dos traballadores

- 40671 - 36186 (11/PRE-014171)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 3 máis

Sobre as razóns do Goberno galego de non ter convocado o Observatorio Galego contra a Discriminación e as previsións para paliar o problema do incremento de agresións de odio contra persoas do colectivo LGTBI

- 40670 - 36497 (11/PRE-014214)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma

Sobre a incidencia da contaminación das augas no declive da produción marisqueira e as actuacións previstas pola Xunta de Galicia en materia de prevención e control da contaminación e rexeneración de rías e de ríos

- 40799 - 36555 (11/PRE-014220)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para non ter adoptado medidas de carácter social para minorar os efectos da crise económica

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2022

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1ª





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 31219**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o proxecto de adecuación da superficie de acceso ao peirao de Raxó, en Pontevedra"**, (publicada no BOPG número 286 do 2 de marzo de 2022), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O 18 de xullo de 2022, a presidenta de Portos de Galicia e o delegado territorial da Xunta en Pontevedra, mantiveron un encontro co alcalde de Poio e representantes de distintas asociacións de veciños e entidades locais no que analizaron distintos asuntos de interese para o concello pontevedrés. Entre eles, o proxecto de mellora do bordo portuario de Raxó, no que as partes sentaron as bases dun acordo para o reparto do investimento e das obrigas a asumir tanto para a realización das obras -cun investimento previsto de máis de 800.000 euros- como para asumir o mantemento posterior dos espazos afectados ou a colaboración municipal coa ordenación do tráfico, entre outras.

Estas obrigas, que quedarán reflectidas nun convenio de colaboración entre Portos de Galicia e o Concello, supoñen que a Administración galega asumirá o 70% do custo dos traballos e o Goberno local o 30% restante. As actuacións suporán a remodelación do bordo portuario e a renovación integral das instalacións de redes de servizos municipais como abastecemento, saneamento, electricidade ou telefonía, entre outros.

O porto de Raxó distingue os usos estritamente portuarios e de interacción porto-cidade que dá servizo aos veciños, polo que procede a necesaria colaboración para a conservación e mantemento das obras e servizos municipais, facilitando o disfrute da cidadanía.

Os acordos acadados permitirán avanzar nas xestións necesarias para a tramitación e sinatura do convenio así como para poñer en marcha a licitación das obras, que suporán unha importante mellora para o conxunto da cidadanía respectando a actividade portuaria.





XUNTA
DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



Xacobeo 21-22

As partes tamén avaliaron a solicitude de concesión do Concello para habilitar un aparcadoiro na zona do paseo das Redeiras, sobre a que os representantes da Xunta reiteraron que non é viable tal e como está realizada pois pretende destinar as prazas a residentes cando non se poden reservar eses espazos para usos alleos ao portuario. Ante esta situación, Portos de Galicia trasladou a posibilidade de estudar alternativas posibles como o establecemento dun convenio entre o ente público e o Concello que permita habilitar unha zona de aparcamento libre así como a ordenación do tráfico por parte do Goberno local, entre outras cuestións”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2022 17:43:40
Nº Rexistro: 40911
Data envío: 13/09/2022 17:43:40.752

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2022 17:43:37

CSV: BOPGDSPG-fb2mBwnc1-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 31335**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Daniel Pérez López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as medidas previstas polo Goberno galego para garantir o mantemento da actividade e dos servizos que se prestan nas delegacións locais do Instituto Social da Mariña na Costa da Morte"**, (publicada no BOPG número 289 do 9 de marzo de 2022), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"Galicia segue con preocupación a situación na que se atopa o Instituto Social da Mariña (ISM) -dependente do Ministerio de Inclusión, Seguridade Social y Migracións- e as dificultades da frota para realizar os cursos de renovación dos certificados de formación básica para poder embarcar.

A comunidade defende a necesidade de dotar aos centros do ISM do persoal necesario para realizar as súas funcións con total normalidade.

Así llo trasladou xa en setembro de 2020 a conselleira do Mar ao ISM nunha xuntanza na que abordaron a situación do organismo, que complica a actividade do sector.

Neste encontro a Xunta propuxo distintas medidas para facer fronte ás dificultades administrativas e facilitar o traballo do sector. Entre elas, estarían a extensión das prórrogas de vixencia:

Dos certificados médicos de aptitude para o embarque.

Dos documentos de revisión dos botiquíns esixidos a bordo.





XUNTA
DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



Xacobeo 21-22

Dos certificados de formación sanitaria

É moi preocupante que o Instituto Social da Mariña (ISM) non se poña na situación dos mariñeiros e non lles dea facilidades para realizar os cursos de renovación dos certificados de formación básica, imprescindibles para poder embarcar. Non pode ser que os tripulantes queden sen poder traballar por un problema administrativo.

A comunidade defende a necesidade de que o ISM adopte as decisións oportunas para solucionar esta situación:

Mediante a convocatoria de máis cursos dirixidos ao sector.

Ou coa extensión das prórrogas da vixencia dos certificados dos mariñeiros”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 13:30:59
Nº Rexistro: 41126
Data envío: 15/09/2022 13:30:59.188

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/09/2022 13:30:54

CSV: BOPGDSPG-fb2mBwnc1-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 31679** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a necesidade de reforzar a oferta cultural en galego na infancia e mocidade"** (publicada no BOPG número 292 do 16 de marzo de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 31676 e debatida na Comisión 4ª o 22 de abril de 2022; á que nos remitimos porque alude á política cultural dirixida á mocidade e analiza os resultados do informe ao que se fai referencia na pregunta.

O debate pode consultarse, co número de rexistro da iniciativa, na Mediateca da web do Parlamento de Galicia".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2022 10:34:32
Nº Rexistro: 40704
Data envío: 12/09/2022 10:34:32.403

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/09/2022 10:34:29

CSV: BOPGDSPG-fb2mBwnc1-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 31931**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a causa da subida histórica de contratacións indefinidas producida no mes de febreiro de 2022”** (publicada no BOPG número 292 do 16 de marzo de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“No mes de xullo, Galicia acada a cifra de paro máis baixa de toda a serie histórica. Desde o punto de vista intermensual, o paro rexistrado diminúe en 1.082 persoas (-0,77%), sendo o número de persoas paradas 139.850. Ademais, o mes de xullo rexistra en Galicia un comportamento mellor que no conxunto do Estado; deste xeito, mentres que na nosa comunidade baixa o paro un 0,77%, no Estado sobe un 0,11%.

No relativo á contratación, en Galicia sube de xeito intermensual nun 7,94% (firmáronse en Galicia 6.381 contratos máis que no mes de xuño), e a contratación indefinida medra en 314 contratos con respecto ao mes anterior (+1,05%). E na comparativa co Estado, tamén sae beneficiada Galicia, xa que mentres a contratación crece na nosa comunidade un 7,94%, no Estado descende nun 6,41%. Mentres que a contratación indefinida medra en Galicia un 1,05%, diminúe no conxunto do Estado un 12,46%.

Por outra banda, os últimos datos publicados, correspondentes ao mes de xullo de 2022, reflicten que o número medio de afiliacións en Galicia acadou a cifra de 1.058.193 cotizantes, o que supón un incremento de 9.670 traballadores (0,92%), situándose a un nivel superior ao reflectido hai trece anos. E tamén na creación de emprego melloramos a



España, xa que en Galicia medra un 0,92%, mentres que no conxunto estatal a afiliación cae nun 0,04%.

No que respecta aos Expedientes de Regulación Temporais de Emprego (ERTE), en xullo rexistráronse en Galicia 228 que afectaron a un total de 1.511 persoas traballadoras. Unha cifra que, se a comparamos co mes de xuño, deixa ver un ascenso de 322 persoas protexidas por ERTE, o que supón unha subida do 27,08%. Aínda que Galicia chegou a ter en abril do 2020 un total de 165.038 traballadores afectados por un ERTE, desde aquela, a cifra foise reducindo paulatinamente ata o mes de outubro. Pola contra, en novembro e decembro rexístrase un aumento dos traballadores en ERTE. Despois a cifra de persoas en ERTE descendeu en xaneiro, pero no mes de febreiro produciuse un aumento notable do 49%, volvendo a descender nos seguintes meses ata xaneiro do 2022. Sen embargo, en marzo de 2022, por segundo mes consecutivo, o número de persoas acollidas a un ERTE rexistra un lixeiro incremento. En maio do 2022 e como consecuencia da nova regulación deste mecanismo prodúcese un descenso moi acusado (-66,10%) e en xuño tamén se rexistra un descenso, aínda que máis moderado, en concreto a baixada é do 34,67%. E pola contra, este mes volve a producirse un aumento dos traballadores, en concreto de 322 persoas (27,08%).

A pesar do dato anterior, a evolución durante os meses que está a durar a pandemia resulta favorable, xa que neste período saíron dun ERTE un total de 163.527 persoas traballadoras, o que supón o 99,08%.

No Estado, a proporción de saídas é do 99,38%, o que significa que España conta cunha proporción semellante de traballadores que saíron dun ERTE.

Se detallamos os datos por colectivos, no que atinxe ás mulleres cabe destacar que en maio de 2020 (primeiro dato dispoñible) contabilizáronse 70.977 mulleres protexidas por un ERTE. Mentres que en xullo de 2022 esta cifra redúcese ata as 522. O balance destes últimos 26 meses reflicte unha evolución positiva, así, nos meses que está a durar a pandemia, saíron dun ERTE un total de 70.455 mulleres, o que supón o 99,26%. O descenso do colectivo masculino foi inferior, en concreto abandonaron esta situación 63.664 homes (98,47%).





Na evolución interanual, Galicia viña encadeando seis anos consecutivos de caída de paro interanual nun mes de xullo (serie 2014-2019). Despois da forte subida interanual de paro rexistrada no 2020 por efecto da covid-19, en xullo do 2022 mantense a melloría iniciada no 2021 e o paro acada un descenso interanual de 12.084 parados (un 7,95% menos). Polo tanto, o paro rexistrado diminúe no último ano nas catro provincias e nas sete grandes cidades; nos catro sectores económicos, especialmente na industria (-15,96%) e na construción (-11,05%); e nos colectivos prioritarios: mulleres (-7,84%), maiores de 44 anos (-4,96%), nos menores de 30 anos (-10,14%) e especialmente nos parados de longa duración (-19,88%).

Ao mesmo tempo, as afiliacións aumentan en Galicia con respecto a hai un ano nun 2,12%, o que supón 21.921 novos traballadores. E a contratación indefinida medra en 23.105 contratos con respecto ao ano anterior (+329,88%), sendo, ademais, un ritmo de subida superior ao estatal (314,50%)”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2022 10:32:22
Nº Rexistro: 40803
Data envío: 13/09/2022 10:32:22.697

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2022 10:32:17

CSV: BOPGDSPG-fb2mBwnc1-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno: **32168**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas adoptadas polo Goberno galego para mellorar a organización e as condicións da Inspección de Traballo e Seguridade Social ”** (publicada no BOPG número 296 do 23 de marzo de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“A posible mellora das condicións da Inspección de Traballo e Seguridade Social (ITSS) non se abordou nas reunións que periodicamente se realizan con este organismo. Sen embargo, estas reivindicacións si se dirixiron de modo directo ao Organismo Estatal dependente do Ministerio de Traballo, chegando a un acordo cos sindicatos recentemente”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 10:30:07
Nº Rexistro: 41057
Data envío: 15/09/2022 10:30:07.717

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/09/2022 10:30:04

CSV: BOPGDSPG-fb2mBwnc1-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 32323** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noelia Otero Lago, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o número de xuntanzas previstas para realizar polo Observatorio Galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero este ano"** (publicada no BOPG número 296 do 23 de marzo de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia leva anos demostrando a súa implicación na loita contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero, e faino ademais a través de todos os seus departamentos, pois a igualdade e non discriminación responde ao principio de transversalidade debendo estar presente en cada unha das áreas de actuación.

En consecuencia, a inclusión social plena das persoas, con independencia da diversidade de orientación sexual e de identidade de xénero, constitúe unha prioridade do Goberno galego.

Neste sentido e coa finalidade de avanzar cada día máis neste eido, o Executivo autonómico está a traballar, cóbado con cóbado, con asociacións, organizacións e colectivos LGTBI que teñen un interese lexítimo na loita contra a discriminación por razón de orientación sexual ou identidade de xénero, en particular, no marco do Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero, un órgano dotado anualmente con 15.000 euros para o seu correcto funcionamento.



Froito deste traballo conxunto é o Regulamento de funcionamento do mesmo, no que se inclúe un procedemento específico para a tramitación de denuncias, e que se aprobou na sesión do Observatorio que tivo lugar o día 6 de xullo de 2021. Este instrumento foi elaborado da man das entidades LGTBI que o compoñen e que son as máis representativas da nosa comunidade:

- CASCO (Comité Antisida A Coruña)
- Nós Mesmas
- Alas Coruña
- Les Coruña
- Avante LGTBI
- A Rede Educativa de Apoio LGTBI de Galicia
- Chrysallis Asociación de Familias de Menores Transexuais
- Asociación Pvlse Vigo Queer LGTBIQ+

Así mesmo, destácase que o pasado 29 de xuño tivo lugar unha nova reunión do pleno do Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero na que, entre outros temas, abordouse a creación e composición de grupos de traballo sectoriais para afondar na realidade das persoas LGTBI, promover medidas que garantan os seus dereitos, así como, para dinamizar o funcionamento do propio Observatorio.

Ademais, destácase que desde 2016 a Xunta colabora a través de convenios con entidades que desenvolven actividades de promoción e defensa dos dereitos e intereses das persoas do colectivo LGTBI. Grazas a estes apoios poden desenvolver campañas de información social, acompañamento e asesoramento sobre recursos sociais e sanitarios dos que dispoñen, formación específica para o persoal das administracións públicas así como elaborar materiais didácticos.





**XUNTA
DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



Xacobeo 21-22

Así mesmo sinálase que no ano 2017 apareceu, por primeira vez, unha partida específica nos Orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para as asociacións, organizacións e colectivos LGTBI.

O obxectivo da Xunta de Galicia non é outro que o de garantir que todas as persoas, sen importar a súa orientación sexual e identidade de xénero, poidan exercer plenamente os seus dereitos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2022 10:34:25
Nº Rexistro: 40703
Data envío: 12/09/2022 10:34:25.528

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/09/2022 10:34:22

CSV: BOPGDSPG-fb2mBwnc1-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 32534** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a xustificación do Goberno galego respecto da parálise da Filmoteca de Galicia”** (publicada no BOPG número 300 do 30 de marzo de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 32532 e debatida na Comisión 4ª de data 23/06/2022; á que nos remitimos porque nela ofrécese información sobre as actuacións realizadas pola Xunta de Galicia ao redor da Filmoteca de Galicia como referente na promoción do cinema.

O debate pode consultarse, co número de rexistro da iniciativa, na Mediateca da web do Parlamento de Galicia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2022 10:34:03
Nº Rexistro: 40700
Data envío: 12/09/2022 10:34:03.716

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/09/2022 10:34:00

CSV: BOPGDSPG-fb2mBwnc1-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 32538**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de don Pablo Arangüena Fernández e dona Paloma Castro Rey, sobre **“as sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e do Tribunal Supremo respecto da anulación do parque eólico de Sardónigas en Mondoñedo”**(publicada no BOPG número 300 do 30 de marzo de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación**, que ten o seguinte contido:

“A pregunta foi atendida na intervención da persoa representante da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, con motivo do debate da pregunta 32537 que tivo lugar na sesión do 19 de maio de 2022 da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?>

[id=ODkwZTc1NGUtNzA4Yi00ZTdLTlkOWYtMWU5NGQxYTE4NWNm&start=1890](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ODkwZTc1NGUtNzA4Yi00ZTdLTlkOWYtMWU5NGQxYTE4NWNm&start=1890)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2022 10:33:56
Nº Rexistro: 40699
Data envío: 12/09/2022 10:33:56.388

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/09/2022 10:33:52

CSV: BOPGDSPG-fb2mBwnc1-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 32628** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“ a declaración como bens de interese cultural dalgúns bens mobles das Torres de Meirás e da biblioteca de Pardo Bazán”** (publicada no BOPG número 300 do 30 de marzo de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 32625 e debatida na Comisión 1ª de data 14/07/2022; á que nos remitimos porque nela ofrécese información sobre as distintas xestións realizadas pola Xunta de Galicia no proceso de recuperación ao patrimonio público de Pazo de Meirás, así das actuacións emprendidas para garantir a súa protección”

O debate pode consultarse, co número de rexistro da iniciativa, na Mediateca da web do Parlamento de Galicia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2022 10:33:48
Nº Rexistro: 40698
Data envío: 12/09/2022 10:33:48.873

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/09/2022 10:33:46

CSV: BOPGDSPG-fb2mBwnc1-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 33072** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noa Díaz Varela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións patrimoniais do Goberno galego respecto de garantir a conservación e protección da Torre de Sande”** (publicada no BOPG número 303 do 5 de abril de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 33073 e debatida na Comisión 4ª de data 10/06/2022; á que nos remitimos porque nela ofrécese información sobre a Torre de Sande, ben inmovle que ten a consideración de Ben de Interese Cultural e que está protexido polos seus valores propios de acordo co establecido na Lei 5/2016 do Patrimonio Cultural de Galicia”

"A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, a través do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (Issga), leva desenvolvendo diferentes actuacións nos últimos anos dirixidas á prevención dos riscos específicos asociados á actividade de montaxe e desmontaxe de escenarios para eventos, tal e como se recolle na campaña do seu plan de actuación do ano 2021 e no actual plan 2022: ficha "5.11. Montaxe e desmontaxe de eventos e coordinación de actividades". A campaña pretende, entre outros obxectivos:

- dar difusión ao criterio técnico establecido polas Comunidades Autónomas e o Instituto Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo para a xestión de montaxes de espectáculos públicos,
- e promover a mellora da seguridade nesta actividade incidindo na coordinación de actividades empresariais (CAE).

Esta iniciativa lévase a cabo mediante a realización de revisións documentais sobre a organización da CAE, o asesoramento para o cumprimento das obrigas en prevención de riscos laborais e divulgando e poñendo a disposición das entidades implicadas a



documentación técnica específica elaborada polo Issga para esta campaña que conta coa colaboración das asociacións do sector.

No momento no que se produciu o accidente na montaxe do escenario para o festival "O son do Camiño", activouse o protocolo de coordinación asinado coa Fiscalía de Galicia para a investigación eficaz e rápida dos delitos contra a vida, a saúde e a integridade física das persoas traballadoras. E neste sentido desprazáronse de inmediato ao lugar do accidente un técnico do Issga especialista en seguridade na montaxe de escenarios e persoal da Inspección de Traballo e Seguridade Social.

A administración competente en materia laboral ten aberto o correspondente expediente a través da Inspección de Traballo e Seguridade Social, no que o técnico especialista do Issga está a prestar asistencia técnica.

Neste sentido, cómpre destacar que xa se elaborou un primeiro pre-informe técnico que se remitiu á Inspección de Traballo e á Fiscalía. Con independencia das actuacións da Fiscalía e do xulgado competente, de ser o caso, o técnico do Issga levará a cabo as actuacións que lle sexan requiridas ata a emisión dun informe final no que se reflectirán as posibles causas do accidente".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2022 12:58:30
Nº Rexistro: 40743
Data envío: 12/09/2022 12:58:30.055

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/09/2022 12:58:26

CSV: BOPGDSPG-fb2mBwnc1-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno: **36158**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Carmen Aira Díaz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as intencións da Consellería de Emprego e Igualdade de inspeccionar de oficio, a través do órgano correspondente, as instalacións da empresa Surexport co fin de garantir a protección da saúde laboral dos traballadores”** (publicada no BOPG número 338 do 29 de xuño de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“A Inspección de Traballo e Seguridade Social de Lugo informou á Dirección Xeral de Relacións Laborais da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade de que a empresa Surexport está sendo obxecto de inspeccións das que polo momento non pode informar por razón de confidencialidade das actuacións inspectoras”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 12:17:34
Nº Rexistro: 41092
Data envío: 15/09/2022 12:17:34.103

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/09/2022 12:17:24

CSV: BOPGDSPG-fb2mBwnc1-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 36185** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noelia Otero Lago, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as razóns do Goberno galego de non ter convocado no primeiro semestre deste ano o Observatorio Galego contra a Discriminación"** (publicada no BOPG número 338 do 29 de xuño de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia leva anos demostrando a súa implicación na loita contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero, e faino, ademais, a través de todos os seus departamentos pois a igualdade e non discriminación responde ao principio de transversalidade debendo estar presente en cada unha das áreas de actuación.

Así, estase a traballar, no marco do Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero, na promoción da igualdade real e efectiva das persoas LGTBI. Este órgano está dotado anualmente con 15.000 euros para o seu correcto funcionamento e está integrado por todos os departamentos da Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), as tres universidades galegas, os sindicatos UGT, CCOO, CDIF e CIG, a Confederación de Empresarios de Galicia (CEG), así como pola seguintes asociacións:

- CASCO (Comité Antisida A Coruña)
- Nós Mesmas
- Alas Coruña





- Les Coruña
- Avante LGTBI
- A Rede Educativa de Apoio LGTBI de Galicia
- Chrysallis Asociación de Familias de Menores Transexuais
- Asociación Pvlse Vigo Queer LGTBIQ+

Ademais, desde 2016 a Xunta colabora a través de convenios coas entidades que desenvolven actividades de promoción e defensa dos dereitos e intereses das persoas do colectivo LGTBI. Grazas a estes apoios poden desenvolver campañas de información social, acompañamento e asesoramento sobre recursos sociais e sanitarios dos que dispoñen, formación específica para o persoal das administracións públicas así como elaborar materiais didácticos.

Así mesmo destácase que no ano 2017 apareceu, por primeira vez, unha partida específica nos Orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para as asociacións, organizacións e colectivos LGTBI.

O obxectivo da Xunta de Galicia non é outro que o de garantir que todas as persoas, sen importar a súa orientación sexual e identidade de xénero, poidan exercer plenamente os seus dereitos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2022 10:30:30
Nº Rexistro: 40672
Data envío: 12/09/2022 10:30:30.064

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/09/2022 10:30:26

CSV: BOPGDSPG-fb2mBwnc1-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 36498** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Pablo Arangüena Fernández e dona Paloma Castro Rey, sobre **"a valoración do Goberno galego respecto da relación entre o declive da produción marisqueira e a contaminación das rías"** (publicada no BOPG número 341 do 6 de xullo de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"Augas de Galicia, mediante o Plan de Control de Vertidos, remite a primeiros de cada mes ao Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (INTECMAR) unha relación das alertas atendidas por vertido con destino ao Dominio Público Marítimo Terrestre (DPMT) ou a Dominio Público Hidráulico (DPH) con posible afección a DPMT, a maiores dos informes que o INTECMAR solicite.

O Plan de Control de Vertidos é unha potente ferramenta coa que conta Augas de Galicia para acadar os obxectivos fixados na Lei 9/2010 de Augas de Galicia. O intenso traballo de inspección no control da calidade das augas dos ríos e rías de Galicia está a reducir a contaminación.

O Plan de Control de Vertidos inclúe a xestión de alertas por vertidos puntuais; inspeccións e seguimento dos vertidos inventariados e inventario de novos puntos de vertido. Os datos resultantes publícanse na web de Augas de Galicia e calquera persoa interesada en levar a cabo un traballo de investigación nunha zona determinada máis detallado pode obter a información solicitándoo a través do rexistro de Augas de Galicia.





No que atinxe aos puntos inventariados, hai que indicar que se contabiliza o total desde a posta en marcha do Plan de Control de Vertidos. Por este motivo, o número de puntos de vertido inventariados sempre irá en aumento, dado que, aínda que un punto se emende, continúa a contabilizarse no inventario como "punto subsanado". Nunca, polo tanto, pasará a restar no sumatorio".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2022 10:30:06
Nº Rexistro: 40669
Data envío: 12/09/2022 10:30:06.643

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/09/2022 10:30:01

CSV: BOPGDSPG-fb2mBwnc1-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 37163**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a valoración por parte do Goberno galego de que a creación de emprego en Galicia estea por debaixo da que se rexistra no Estado"**, (publicada no BOPG número 358, do 10 de agosto de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"Galicia pechou o mes de xuño con 140.932 persoas sen emprego, a terceira cifra máis baixa de toda a serie histórica de datos (1996).

Ademais, o paro descendeu na evolución anual e mensual. No que se refire á evolución anual, a cifra de persoas paradas é a menor nun mes de xuño de toda a serie histórica, así o paro baixou nun -10,64% con respecto a xuño de 2021, acumulando xa máis dun ano consecutivo de baixadas do paro na evolución anual. Así mesmo, con respecto a maio de 2022, Galicia é a terceira comunidade con maior baixada do desemprego en termos absolutos (-5.188) e a quinta en relativos (-3,55%). Ademais, o descenso galego (-3,55%) é máis do dobre que o acadado na media estatal (-1,45%), con 2,1 puntos de vantaxe.

O paro Galicia tamén cae nas principais variables: en todos os sectores de actividade, destacando a caída do desemprego no sector da industria (-17,17%), que lidera a caída do paro nos sectores económicos por terceiro mes consecutivo na evolución anual; nas catro provincias e nas sete grandes cidades.

Ademais, produciuse un comportamento favorable dos colectivos con máis dificultades para atopar un emprego, así o desemprego diminúe en todos eles, con especial fincapé nos parados de longa duración (-21,55%). Tamén cae a cifra de persoas sen emprego entre os menores de 30 anos (-11,97%), as mulleres (-10,34%) e maiores de 44 (-7,29%).



Con respecto ás afiliacións, crecen en Galicia na evolución anual e mensual. Con respecto ás afiliacións, aumentaron no último ano nun 2,62% (+26.803) e, deste xeito, Galicia conta con 1.048.523 cotizantes á Seguridade Social, un nivel superior ao reflectido hai 13 anos. No referido á evolución mensual as afiliacións aumentan nun 0,75%, un incremento maior que a subida experimentada no Estado (+0,57%); e a contratación con respecto a maio crece en xeral nun 15,51%, tamén un aumento superior ao do Estado (+7,83%)."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2022 12:16:21
Nº Rexistro: 40970
Data envío: 14/09/2022 12:16:21.311

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/09/2022 12:16:17

CSV: BOPGDSPG-fb2mBwnc1-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 26292** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Leticia Gallego Sanromán e don Martín Seco García sobre **“as previsións da Xunta de Galicia para facer os traballos de mantemento no tramo do Camiño de Santiago ao seu paso por Sanguñeda, no concello de Mos”** (publicada no BOPG número 251 do 4 de xaneiro de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“Dende a Axencia de Turismo de Galicia puxéronse en marcha multitude de medidas para a potenciar, preservar e conservar un principais motores do turismo de Galicia como é o Camiño de Santiago,

Así aprobáronse diversos Plans integrais de limpeza, nos que se adoptan as medidas necesarias en función das características e peculiaridades que se atopan durante o percorrido do Camiño polos diversos concellos. Podendo ser limpeza en xeral, o tamén acompañada de acondicionamento da sinalización ou accións de conservación do rico patrimonio cultural existente.

Dende a Xunta de Galicia vense realizando anualmente traballos de mantemento, acondicionamento, mellora e adaptación dos camiños ás necesidades dos peregrinos que os percorren ata a chegada a Santiago, concretamente no Concello de Mos podemos destacar as seguintes accións nos últimos anos:

- Conservación integral: 60.707,81€
- Obras de acondicionamento e sinalización: 65.342,86€





O pasado 1 de febreiro de 2022, celebrouse no Concello de Mos a sesión ordinaria da Mesa do Camiño, nas que se abordaron entre outros temas as necesidades e proxectos do Camiño a ter en conta o ano 22.

Nesta xuntanza dende o Concello, abordouse o asunto de actuacións de mellora no Lugar de A Veigadaña, preto do Castro de Mos.

Por outra banda, dende a ATG habilitouse para o traslado das posibles deficiencias, consultas ou incidencias sobre obras ou outras cuestións nos diferentes Camiños, o correo "conservacioncamino@xunta.gal" no que poden facer as consultas que se consideren oportunas".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2022 10:37:52
Nº Rexistro: 40731
Data envío: 12/09/2022 10:37:52.415

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/09/2022 10:37:49

CSV: BOPGDSPG-fb2mBwnc1-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 26368**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Daniel Pérez López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o cementado da baixada de lousa do porto de Fisterra e a vulneración de varios preceptos de protección urbanística e patrimonial”**, (publicada no BOPG número 251 do 4 de xaneiro de 2022) , convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O 2 de xullo de 2022, Portos de Galicia licitou o proxecto de renovación integral da vía de acceso ao porto de Fisterra co fin de mellorar o estado do firme e facelo máis axeitado para as cargas de tráfico ás que está sometido. Esta actuación, que conta cun orzamento de 335.000 euros, afectará aos espazos comprendidos entre a rúa Federico Ávila e o paseo de Praia Ribeira, incluíndo a praza de Santa Catalina e o tramo inicial do paseo de Calafigueira.

Os traballos inclúen a retirada tanto do pavimento actual -composto por lastras- como da súa base -de formigón- para substituílos por un pavimento ríxido de formigón máis resistente e axeitado para o tráfico pesado que circula por esta estrada. As actuacións tamén inclúen a reposición e mellora dos elementos relacionados coa execución da obra, como poden ser os sumidoiros de drenaxe ou o encintado das lousas de granito da beirarrúas.

As empresas interesadas en presentar ofertas a esta licitación poden facelo ata o vindeiro 20 de xullo e teñen á súa disposición toda a información tanto no perfil do contratante de Contratos de Galicia como na páxina web de Portos de Galicia. O prazo previsto de execución das obras é de tres meses.





XUNTA
DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



Xacobeo 21-22

Estes traballos engádense a outros xa realizado na zona por Portos de Galicia como a renovación do pavimento dos pantaláns, fingers e accesos a estas instalacións e a reparación de dúas ramplas de descarga -a adxacente ao edificio da lonxa e ao paseo Ribeira, así como a que se sitúa a continuación desta en paralelo ao dique de abrigo do porto- co obxectivo de facilitar o tránsito da maquinaria de traballo que opera na zona. Estas actuacións contaron cun investimento de máis de 600.000 euros”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2022 12:22:25
Nº Rexistro: 41017
Data envío: 14/09/2022 12:22:25.586

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/09/2022 12:22:21

CSV: BOPGDSPG-fb2mBwnc1-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión: **26470** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Daniel Pérez López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a valoración do Goberno galego do datos de desemprego en Galicia do último trimestre"** (publicada no BOPG número 251 do 4 de xaneiro de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"No mes de xullo, Galicia acada a cifra de paro máis baixa de toda a serie histórica. Desde o punto de vista intermensual, o paro rexistrado diminúe en 1.082 persoas (-0,77%), sendo o número de persoas paradas 139.850. Ademais, o mes de xullo rexistra en Galicia un comportamento mellor que no conxunto do Estado; deste xeito, mentres que na nosa comunidade baixa o paro un 0,77%, no Estado sobe un 0,11%.

No que atinxe aos colectivos prioritarios o paro nas mulleres no mes de xullo de 2022 diminúe en Galicia un 0,12%, acadando a cifra de 82.229 (a máis baixa desde 1996), mentres que en España sobe un 0,27%. Nos menores de 30 o paro baixa un 4,97% (acadando a cifra máis baixa dende maio de 2005) e no conxunto do Estado faino a un ritmo moito menor (-1,76%).

No relativo á contratación, en Galicia sube de xeito intermensual nun 7,94% (firmáronse en Galicia 6.381 contratos máis que no mes de xuño), e a contratación indefinida medra en 314 contratos con respecto ao mes anterior (+1,05%). E na comparativa co Estado, Galicia tamén sae beneficiada, xa que mentres a contratación crece, no Estado descende nun 6,41%, o mesmo sucede coa contratación indefinida no conxunto do Estado que diminúe un 12,46%.



Por outra banda, os últimos datos publicados, correspondentes ao mes de xullo de 2022, reflicten que o número medio de afiliacións en Galicia acadou a cifra de 1.058.193 cotizantes, o que supón un incremento de 9.670 traballadores (0,92%), situándose a un nivel superior ao reflectido hai trece anos. E tamén na creación de emprego melloramos a España, xa que en Galicia medra un 0,92%, mentres que no conxunto estatal a afiliación cae nun 0,04%.

Na evolución interanual, Galicia viña encadeando seis anos consecutivos de caída de paro interanual nun mes de xullo (serie 2014-2019). Despois da forte subida interanual de paro rexistrada no 2020 por efecto da covid-19, en xullo do 2022 mantense a melloría iniciada no 2021 e o paro acada un descenso interanual de 12.084 parados (un 7,95% menos). Polo tanto, o paro rexistrado diminúe no último ano: nas catro provincias e nas sete grandes cidades; nos catro sectores económicos, especialmente na industria (-15,96%) e na construción (-11,05%); e nos colectivos prioritarios: mulleres (-7,84%), maiores de 44 anos (-4,96%), nos menores de 30 anos (-10,14%) e especialmente nos parados de longa duración (-19,88%).

Ao mesmo tempo, as afiliacións aumentan en Galicia con respecto a hai un ano nun 2,12%, o que supón 21.921 novos traballadores. E a contratación indefinida medra en 23.105 contratos con respecto ao ano anterior (+329,88%), sendo, ademais, un ritmo de subida superior ao estatal (314,50%)".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 10:32:31
Nº Rexistro: 41075
Data envío: 15/09/2022 10:32:31.122

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/09/2022 10:32:27

CSV: BOPGDSPG-fb2mBwnc1-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión: **26480**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Daniel Castro García e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a situación de desemprego e o peche de industrias na comarca da Mariña”** (publicada no BOPG número 251 do 4 de xaneiro de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“O pasado 1 de decembro, a directora xeral de Relacións Laborais, daba resposta á pregunta oral número de rexistro 24764 sobre as actuacións do Goberno galego ante a finalización do período de negociación do expediente de regulación de emprego da empresa Vestas, de Chavín, en Viveiro, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

Tal e como sinalou a directora xeral, a Xunta de Galicia segue ao carón dos traballadores, e, pese aos atrancos, continuou coas xestións de busca de inversores, aínda despois do cese da actividade industrial na planta.

Remitimos a ligazón á resposta:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NjM4Y2MyNzltOWZmOS00ZTUwLTk1YzAtMmRiNjNkYjNjZGUy&start=5521>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 12:19:07
Nº Rexistro: 41104
Data envío: 15/09/2022 12:19:07.227

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/09/2022 12:19:03

CSV: BOPGDSPG-fb2mBwnc1-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión : **26482**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Daniel Castro García e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a necesidade de levar a cabo un Plan de industrialización e Emprego para a comarca da Mariña e unha modificación legal para asegurar a construción de compoñentes e subministracións no noso país"** (publicada no BOPG número 251 do 4 de xaneiro de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"O pasado 1 de decembro, a directora xeral de Relacións Laborais, daba resposta á pregunta oral número de rexistro 24764 sobre as actuacións do Goberno galego ante a finalización do período de negociación do expediente de regulación de emprego da empresa Vestas, de Chavín, en Viveiro, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

Tal e como sinalou a directora xeral, a Xunta de Galicia segue ao carón dos traballadores, e, pese aos atrancos, continuou coas xestións de busca de inversores, aínda despois do cese da actividade industrial na planta.

Remitimos a ligazón á resposta:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NjM4Y2MyNzltOWZmOS00ZTUwLTk1YzAtMmRiNjNkYjNjZGUy&start=5521>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 12:19:00
Nº Rexistro: 41103
Data envío: 15/09/2022 12:19:00.009

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/09/2022 12:18:57

CSV: BOPGDSPG-fb2mBwnc1-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión : **26483**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Daniel Castro García e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a situación dos traballadores e das traballadoras de Vestas logo de finalizar sen acordo o período de consultas"** (publicada no BOPG número 251 do 4 de xaneiro de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"O pasado 1 de decembro, a directora xeral de Relacións Laborais, daba resposta á pregunta oral número de rexistro 24764 sobre as actuacións do Goberno galego ante a finalización do período de negociación do expediente de regulación de emprego da empresa Vestas, de Chavín, en Viveiro, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

Tal e como sinalou a directora xeral, a Xunta de Galicia segue ao carón dos traballadores, e, pese aos atrancos, continuou coas xestións de busca de inversores, aínda despois do cese da actividade industrial na planta.

Remitimos a ligazón á resposta:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NjM4Y2MyNzltOWZmOS00ZTUwLTk1YzAtMmRiNjNkYjNjZGUy&start=5521>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 12:18:52
Nº Rexistro: 41102
Data envío: 15/09/2022 12:18:52.431

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/09/2022 12:18:48

CSV: BOPGDSPG-fb2mBwnc1-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 26661**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as actividades do programa operativo do Fondo Europeo Marítimo, Pesqueiro e Acuícola"**, (publicada no BOPG número 256 do 14 de xaneiro de 2022) , convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi sustanciado na resposta dada á iniciativa (pregunta para resposta oral en Comisión) con número de rexistro 26004, presentada polo mesmo grupo parlamentario, que foi convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2021".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2022 12:21:47
Nº Rexistro: 41012
Data envío: 14/09/2022 12:21:47.883

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/09/2022 12:21:44

CSV: BOPGDSPG-fb2mBwnc1-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 26662**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a valoración do Goberno galego da Reserva de axuste Brexit, nomeadamente no relativo ao sector pesqueiro"**, (publicada no BOPG número 256 do 14 de xaneiro de 2022), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi sustanciado na resposta dada á iniciativa (pregunta para resposta oral en Comisión) con número de rexistro 25907, presentada polo mesmo grupo parlamentario, que foi convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2021".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2022 12:21:40
Nº Rexistro: 41011
Data envío: 14/09/2022 12:21:40.758

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/09/2022 12:21:36

CSV: BOPGDSPG-fb2mBwnc1-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión : **26687**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións previstas pola Xunta de Galicia en relación coa discriminación que sofren as xogadoras do Hóckey Club Liceo e outras situacións semellantes”** (publicada no BOPG número 257 do 17 de xaneiro de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, e a Secretaría Xeral para o Deporte** que ten o seguinte contido:

“Os avances da igualdade de xénero na sociedade son incuestionables, pero continúan existindo obstáculos e comportamentos que dificultan e vulneran a igualdade efectiva entre homes e mulleres. O deporte, como fenómeno social, non é alleo a esta realidade. Por un lado, tense producido un innegable e importante avance do deporte feminino; por outro, continúan existindo realidades e feitos que seguen conculcando a necesaria igualdade, razón pola que é necesario seguir traballando en accións e políticas públicas.

No ámbito das súas competencias e funcións, a secretaría xeral para o Deporte realiza unha actuación activa a prol do desenvolvemento do deporte feminino, e a loita contra a desigualdade no deporte. Así, e xunto ás accións concretas de fomento do deporte feminino contempladas nas convocatorias de axudas a entidades deportivas ou nos convenios de colaboración coas federacións deportivas, a secretaría xeral para o Deporte desenvolve, en cooperación coa Consellería de Emprego e Igualdade, distintas medidas de prevención e actuación contra a violencia





de xénero, e de sensibilización e promoción da igualdade como valor esencial para a convivencia.

Grazas a esta cooperación, e só neste último exercicio, convocáronse as axudas Reto Galicia-Tokio con Igualdade 2021 -executadas por 253.500 euros-, e o plan de Patrocinio de Alta Competición Feminino -254.000 euros-, que se sumaron as contías que, anualmente, a Xunta de Galicia destina ao patrocinio dos equipos de alto nivel, entre os que se inclúen tamén os femininos.

Estas actuacións inciden na importancia do deporte e das e dos deportistas, así como na loita pola igualdade efectiva de mulleres e homes, transmitindo a necesidade de seguir traballando pola tolerancia, a igualdade e a non violencia de xénero no deporte e na vida; o deporte, en definitiva, como medio fundamental para a educación da sociedade sen discriminación e que incumbe e afecta todas as persoas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 13:31:36
Nº Rexistro: 41131
Data envío: 15/09/2022 13:31:36.422

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/09/2022 13:31:33

CSV: BOPGDSPG-fb2mBwnc1-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 26737**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o traballo realizado para a defensa do sector pesqueiro galego ante a incidencia do Brexit"**, (publicada no BOPG número 257 do 17 de xaneiro de 2022) , convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi sustanciado na resposta dada á iniciativa (pregunta para resposta oral en Comisión) con número de rexistro 25819, presentada polo mesmo grupo parlamentario, que foi convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2021".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2022 12:21:32
Nº Rexistro: 41010
Data envío: 14/09/2022 12:21:32.727

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/09/2022 12:21:28

CSV: BOPGDSPG-fb2mBwnc1-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 26738**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o traballo realizado para a defensa do sector pesqueiro galego ante a incidencia do Brexit”**, (publicada no BOPG número 257 do 17 de xaneiro de 2022) , convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Galicia rexeita a eliminación xeneralizada do combustible bonificado para a frota e así o trasladou a distintas institucións europeas e ao representante permanente da UE ante a OMC, Joao Aguiar. A eles Galicia tamén lles transmitiu que esta medida:

Poría en risco a rendibilidade e o futuro do sector pesqueiro galego, como se está a demostrar co encarecemento do combustible nos últimos meses.

Prexudicaría á frota galega, que practica unha pesca responsable e sustentable.

Ademais hai que ter en conta:

A baixa pegada de carbono que ten a actividade marítimo-pesqueira dentro da produción de alimentos.

Que polo momento non hai alternativas ao gasóleo que garantan unha maior protección do medio ambiente e permitan o desenvolvemento da pesca en condicións de rendibilidade

Esta posición da Comisión Europea parécenos unha falta de respecto cara a unha frota que trata de facer ben o seu traballo co fin de seguir avanzando na sustentabilidade ambiental.





XUNTA
DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



Xacobeo 21-22

Neste sentido, a comunidade galega defende:

Que as medidas a prol da descarbonización do sector se realicen pensando na realidade do sector, avaladas por estudos, de xeito progresivo e con apoios para non estrangular a súa actividade.

As mesmas regras de xogo en toda a actividade marítimo-pesqueira, tanto no eido económico como no ambiental e social”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2022 12:21:24
Nº Rexistro: 41009
Data envío: 14/09/2022 12:21:24.931

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/09/2022 12:21:21

CSV: BOPGDSPG-fb2mBwnc1-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 26740**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia para frear o descenso e recuperar a produción marisqueira da ría de Arousa"**, (publicada no BOPG número 257 do 17 de xaneiro de 2022) , convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo da Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo, celebrada o 30 de decembro de 2021, no debate da iniciativa con número de rexistro, 25549, presentada polo mesmo grupo parlamentario. O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ODQwN2M1ODEtN2RkYi00MzgZLTgxNDYtYTYYMmNlOTE5Njl5>

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre as previsións da Xunta de Galicia para frear o descenso e recuperar a produción marisqueira da ría de Arousa".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2022 12:21:18
Nº Rexistro: 41008
Data envío: 14/09/2022 12:21:18.243

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/09/2022 12:21:15

CSV: BOPGDSPG-fb2mBwnc1-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 26742**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as medidas tomadas pola Consellería do Mar respecto dos informes do Centro de Investigacións Mariñas en relación coas especies depredadoras dos recursos dos bancos do litoral e das rías"**, (publicada no BOPG número 257 do 17 de xaneiro de 2022), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi sustanciado na resposta dada á iniciativa (pregunta para resposta oral en Comisión) con número de rexistro 24909, presentada polo mesmo grupo parlamentario, que foi convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2021".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2022 12:21:11
Nº Rexistro: 41007
Data envío: 14/09/2022 12:21:11.665

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/09/2022 12:21:07

CSV: BOPGDSPG-fb2mBwnc1-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA
DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



Xacobeo 21-22

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 26743**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Daniel Pérez López e dona Rosana Pérez Fernández, sobre **"o mantemento de servizos no Instituto Social da Mariña de Corcubión"**, (publicada no BOPG número 257 do 17 de xaneiro de 2022) , convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2022 10:36:28
Nº Rexistro: 40720
Data envío: 12/09/2022 10:36:28.792

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/09/2022 10:36:25

CSV: BOPGDSPG-fb2mBwnc1-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 27491**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Otero Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre **"a valoración da execución orzamentaria da partida 723B no segundo trimestre do ano 2021, relativa á regulación das producións e dos mercados da pesca"**, (publicada no BOPG número 262 do 24 de xaneiro de 2022), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"Preto do 74% do orzamento ca Consellería do Mar destinada a liñas de investimento que se poñen a disposición da cidadanía, en forma de axudas e melloras en todo o ámbito da cadea mar-industria, son fondos FEMP.

Para executar estes fondos é preciso facelo con arranxo ás normas da normativa comunitaria e tamén á normativa estatal e autonómica sobre subvencións e uso dos fondos comunitarios.

Polo tanto, é preciso acudir á convocatoria pública de axudas, que ademais debe facerse, na inmensa maioría dos casos, en concorrencia competitiva.

Na Consellería do Mar trabállase por unha parte, para poder adiantar ao máximo posible a publicación das convocatorias de axudas e subvencións e, por outra parte, reducir os tempos da instrución dos procedementos.

A maioría das convocatorias de subvencións da Consellería do Mar redáctanse por anticipado de gasto o que permite que se publiquen as ordes de convocatoria de axuda entre os meses de decembro e de xaneiro.

É dicir, xa a comezos de ano, a maior parte dos fondos están dispoñibles, e están na fase A. Agora ben, é evidente que hai que outorgar un prazo para a presentación dos proxectos, máis



o tempo para analizar os mesmos e requirir a subsanación de erros ou de falla de documentación por parte das persoas solicitantes destas ordes de axudas.

Como ben saben, son moitos os requisitos esixidos polo propio fondo FEMP que dificultan o traballo duns e doutros, de administrados e administradas e da propia administración, e dende a Consellería do Mar sempre avogamos e solicitamos a simplificación do fondo en beneficio de todos os axentes implicados e, o máis importante en beneficio dos galegos e galegas que solicitan e precisan destas axudas.

Polo tanto non é ata finais de xuño ou mesmo en xullo cando se poden resolver a maior parte das axudas de investimentos, o que é máis que razoable tendo en conta o número e importancia técnica dos expedientes presentados.

É a partir de aquí hai que dar prazo para a execución dos investimentos por parte das persoas solicitantes, que son xa a finais de ano e, no caso dos proxectos importantes con axudas plurianuais mesmo ata o ano seguinte.

Todo isto fai ver que evidentemente se por execución consideran a situación en OK dun expediente, no segundo trimestre non é posible no caso de axudas a particulares, debido precisamente ás esixencias da propia tramitación.

Así, a 31 de decembro de 2021, as porcentaxes da disposición ou compromiso do gasto co sector en relación co crédito inicial, foron as seguintes:

100 % do programa orzamentario 513 A correspondente a construción, conservación e explotación portuaria

61,10% do programa orzamentario 723 B correspondente a regulación das producións e dos mercados da pesca



48,02% do programa orzamentario 514 A correspondente a infraestruturas pesqueiras

72,32% do programa orzamentario 723 C correspondente ao desenvolvemento sostible das zonas de pesca”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2022 10:36:22
Nº Rexistro: 40719
Data envío: 12/09/2022 10:36:22.120

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/09/2022 10:36:18

CSV: BOPGDSPG-fb2mBwnc1-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 27493**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Otero Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre **"a valoración da execución orzamentaria da partida 723C no segundo trimestre do ano 2021, relativa ao desenvolvemento sustentable das zonas de pesca"**, (publicada no BOPG número 262 do 24 de xaneiro de 2022), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"Preto do 74% do orzamento ca Consellería do Mar destinada a liñas de investimento que se poñen a disposición da cidadanía, en forma de axudas e melloras en todo o ámbito da cadea mar-industria, son fondos FEMP.

Para executar estes fondos é preciso facelo con arranxo ás normas da normativa comunitaria e tamén á normativa estatal e autonómica sobre subvencións e uso dos fondos comunitarios.

Polo tanto, é preciso acudir á convocatoria pública de axudas, que ademais debe facerse, na inmensa maioría dos casos, en concorrencia competitiva.

Na Consellería do Mar trabállase por unha parte, para poder adiantar ao máximo posible a publicación das convocatorias de axudas e subvencións e, por outra parte, reducir os tempos da instrución dos procedementos.

A maioría das convocatorias de subvencións da Consellería do Mar redáctanse por anticipado de gasto o que permite que se publiquen as ordes de convocatoria de axuda entre os meses de decembro e de xaneiro.

É dicir, xa a comezos de ano, a maior parte dos fondos están dispoñibles, e están na fase A. Agora ben, é evidente que hai que outorgar un prazo para a presentación dos proxectos, máis



o tempo para analizar os mesmos e requirir a subsanación de erros ou de falla de documentación por parte das persoas solicitantes destas ordes de axudas.

Como ben saben, son moitos os requisitos esixidos polo propio fondo FEMP que dificultan o traballo duns e doutros, de administrados e administradas e da propia administración, e dende a Consellería do Mar sempre avogamos e solicitamos a simplificación do fondo en beneficio de todos os axentes implicados e, o máis importante en beneficio dos galegos e galegas que solicitan e precisan destas axudas.

Polo tanto non é ata finais de xuño ou mesmo en xullo cando se poden resolver a maior parte das axudas de investimentos, o que é máis que razoable tendo en conta o número e importancia técnica dos expedientes presentados.

É a partir de aquí hai que dar prazo para a execución dos investimentos por parte das persoas solicitantes, que son xa a finais de ano e, no caso dos proxectos importantes con axudas plurianuais mesmo ata o ano seguinte.

Todo isto fai ver que evidentemente se por execución consideran a situación en OK dun expediente, no segundo trimestre non é posible no caso de axudas a particulares, debido precisamente ás esixencias da propia tramitación.

Así, a 31 de decembro de 2021, as porcentaxes da disposición ou compromiso do gasto co sector en relación co crédito inicial, foron as seguintes:

100 % do programa orzamentario 513 A correspondente a construción, conservación e explotación portuaria

61,10% do programa orzamentario 723 B correspondente a regulación das producións e dos mercados da pesca





**XUNTA
DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



Xacobeo 21-22

48,02% do programa orzamentario 514 A correspondente a infraestruturas pesqueiras

72,32% do programa orzamentario 723 C correspondente ao desenvolvemento sostible das zonas de pesca”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2022 10:36:14
Nº Rexistro: 40718
Data envío: 12/09/2022 10:36:14.948

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/09/2022 10:36:09

CSV: BOPGDSPG-fb2mBwnc1-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 27499**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Otero Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre **"a valoración da Xunta de Galicia respecto da repartición de cotas pesqueiras para o ano 2022"**, (publicada no BOPG número 262 do 24 de xaneiro de 2022), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O Goberno galego lamenta que a Unión Europea ceda e non sancione as decisións unilaterais de Noruega sobre a pesca en Svalbard, -onde Rusia conta con importantes intereses-. Entre elas a da fixación de cotas de especies como o bacallau, sen respectar os acordos internacionais neste eido.

Temos moi malos precedentes na fixación unilateral de cotas de pesca de bacallau e xarda por parte do país nórdico, sen respectar os acordos internacionais, algo que consideramos inaceptable.

As decisións tomadas ata agora polo país nórdico sen ter en conta á Unión Europea:

Mostran un deterioro das relacións pesqueiras entre ambas as partes.

Supoñen un ataque á xestión sostible das pesqueiras, en todos os seus aspectos (ambiental, social e económico).





XUNTA
DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



Xacobeo 21-22

A situación actual pola guerra en Ucraína e as decisións que se adopten serán claves para determinar as relacións futuras entre as partes. Por iso, seguiremos reclamando ante as distintas institucións que realicen as xestións necesarias na defensa dos intereses do noso sector”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2022 13:00:49
Nº Rexistro: 40758
Data envío: 12/09/2022 13:00:49.991

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/09/2022 13:00:41

CSV: BOPGDSPG-fb2mBwnc1-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 27561** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o reforzo da demanda cultural e os Bonos Cultura"** (publicada no BOPG número 262 do 24 de xaneiro de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 33024 e debatida na Comisión 4ª de data 07/05/2022; á que nos remitimos porque nela ofrécese información sobre os obxectivos do Bono Cultural e o seu impacto no consumo cultural galego"

O debate pode consultarse, co número de rexistro da iniciativa, na Mediateca da web do Parlamento de Galicia".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2022 10:35:57
Nº Rexistro: 40716
Data envío: 12/09/2022 10:35:57.933

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/09/2022 10:35:54

CSV: BOPGDSPG-fb2mBwnc1-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 27570**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas e don Luis Bará Torres, sobre **"a intervención pública no futuro dos terreos portuarios da Coruña"**, (publicada no BOPG número 262 do 24 de xaneiro de 2022), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"A condonación da débeda da Autoridade Portuaria da Coruña é unha competencia do Goberno do Estado e do poder lexislativo. Se o Goberno do Estado está disposto a aplicar a condonación a Autoridade Portuaria da Coruña, a Xunta de Galicia non vai poñer ningún problema. A Xunta de Galicia participa en todas as reunións que manteñen as administracións para atopar unha solución á débeda, e ten amosado ao Ministerio de Transportes Movilidad e Axenda Urbana, a súa vontade de chegar a unha solución que sexa positiva para o Porto e para a cidade da Coruña.

A Xunta de Galicia é a día de hoxe a única administración que comprometeu fondos nos seus orzamentos para garantir a titularidade pública dos peiraos coruñeses, pensando sempre no mellor para o Porto e para a cidade da Coruña".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2022 12:20:15
Nº Rexistro: 40999
Data envío: 14/09/2022 12:20:15.073

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/09/2022 12:20:11

CSV: BOPGDSPG-fb2mBwnc1-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 27775**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noa Díaz Varela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os datos con que conta o Goberno autonómico respecto da afección da pandemia da covid-19 nas mulleres galegas e as previsións dun plan de choque para rectificar as desigualdades”** (publicada no BOPG número 265 do 27 de xaneiro de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia non é allea a que a pandemia da covid-19 golpeou de maneira máis forte a uns grupos sociais que a outros e é coñecedora da súa responsabilidade porque ninguén se quede atrás no avance social e na consolidación socioeconómica da Comunidade Autónoma. Por ese motivo, a Xunta impulsou medidas diagnósticas e actuacións activas para atallar un problema social como é o impacto da covid-19 nas mulleres galegas.

Neste sentido, a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, en cumprimento do seu deber co Parlamento galego, remitiu á Comisión non permanente especial de estudo sobre a reactivación económica, social e cultural de Galicia pola crise da covid-19, seis informes dos cales catro conteñen, no seu total ou ben nalgunha das súas partes principais, a perspectiva de xénero:

- Informe sobre os centros de información ás mulleres da Secretaría Xeral da Igualdade (ano 2020).
- Informe sobre acción e avaliación da Secretaría Xeral da Igualdade durante a covid-19.
- Informe sobre o impacto de xénero da covid-19 e medidas a adoptar para paliar corrixir as desigualdades entre mulleres e homes.
- Informe de análise do impacto da covid-19 no mercado laboral en Galicia.



Nos mesmos, aparecen reflectidos datos e conclusións sobre a situación da muller por mor da covid-19, provenientes de distintos organismos, internacionais, nacionais e mesmamente autonómicos, como son a Organización Internacional do Traballo (OIT), a Organización das Nacións Unidas (ONU), a Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económicos (OCDE), a Unión Europea (UE), o Instituto da Muller e para a Igualdade de Oportunidades (IMIO) e a Universidade de Vigo, entre outros.

Todos coinciden en sinalar que a tripla dimensión desta crise, sanitaria, social e económica, ten unha repercusión diferente entre homes e mulleres e que polo tanto a resposta á mesma debe incorporar o enfoque de xénero, para que non se incrementen as desigualdades xa existentes.

Ademais dos anteditos informes, levouse a cabo un estudo propio sobre o impacto da covid-19 no emprego feminino galego.

En consecuencia, a Xunta de Galicia, non só durante o período máis cru da pandemia, senón tamén no 2021 e 2022, puxo en marcha actuacións transversais que teñen en conta os efectos socioeconómicos da covid-19 nas mulleres galegas. Así destacan medidas, entre outros ámbitos, en materia de loita contra a violencia de xénero, promoción da igualdade, fomento do emprego e da formación, e tamén no que atinxe ás relacións laborais.

Por último, a modo de exemplo, destácase que o VIII Plan estratéxico de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2022-2027, aprobado o pasado 19 de maio, recolle “A resposta aos efectos da covid-19” como un dos seus catros eixes transversais”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2022 13:00:12
Nº Rexistro: 40755
Data envío: 12/09/2022 13:00:12.820

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/09/2022 13:00:09

CSV: BOPGDSPG-fb2mBwnc1-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 27781** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noa Díaz Varela e don Luís Manuel Álvarez Martínez, sobre **“a postura da Xunta de Galicia respecto do compromiso coa igualdade real entre homes e mulleres das universidades públicas galegas”** (publicada no BOPG número 265 do 27 de xaneiro de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“Dentro das medidas de investigación e de formación en materia de violencia de xénero, incluídas á súa vez no ámbito da prevención da violencia de xénero, de acordo co capítulo II do título I da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento da violencia de xénero, lévanse a cabo accións de promoción de formación, investigación, sensibilización e prevención da violencia de xénero no ámbito universitario. Para o desenvolvemento destas accións, nos anos 2018, 2019, 2020 e 2021 asináronse convenios de colaboración coas Universidades galegas, financiados con cargo aos fondos do Pacto de Estado contra a violencia de xénero.

Mediante o Real Decreto-lei 9/2018, do 3 de agosto, aprobáronse as medidas urxentes para o desenvolvemento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, e mediante a Resolución do 3 de agosto de 2018, da Secretaría de Estado de Igualdade, publicouse o Acordo do Consello de Ministros do 3 de agosto de 2018, polo que se formalizaron os criterios de distribución e a distribución resultante para o exercicio 2018 do crédito de 100.000.000€ para o desenvolvemento polas





Comunidades Autónomas e Cidades con Estatuto de Autonomía do Pacto de Estado contra a violencia de xénero.

De acordo con esta resolución, no ano 2018 correspondéronlle a Galicia un total de 8.027.342,48€ do Pacto de Estado. A transferencia deses fondos á Comunidade Autónoma de Galicia non se fixo efectiva ata o mes de setembro de 2018, polo que, ao amparo do previsto na disposición adicional única do Real Decreto-lei 9/2018, os remanentes non comprometidos resultantes ao remate do exercicio orzamentario de 2018 correspondentes ao Pacto de Estado contra a violencia de xénero incorporáronse ao orzamento de 2019.

Como consecuencia desta operación contable, resultado de aplicar as regras orzamentarias establecidas a nivel estatal para a xestión dos fondos do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, no ano 2019 incrementáronse os orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para a loita da violencia de xénero, sumándose á contía que lle correspondeu a Galicia para o 2019 (7.989.984,9€), os remanentes non comprometidos de 2018, o que deu lugar, á súa vez, a que no exercicio orzamentario de 2019 os convenios de colaboración coas universidades galegas viran case duplicado o seu importe, -que ascendeu ao total de 300.000€-, froito de sumarlle ao orzamento inicialmente previsto para o ano 2019 os remanentes non comprometidos do ano 2018.

Estes convenios de colaboración mantivéronse durante os anos 2020, 2021 e 2022, financiándose igualmente con cargo aos fondos do Pacto de Estado para a violencia de xénero que lle corresponderon a Galicia.

Neste senso cómpre sinalar que, a pesar de que os fondos do Pacto de Estado contra a violencia de xénero que se transfiren a Galicia diminúen cada ano, mantéñense inalterables os importes que se transfiren ás Universidades galegas a través dos indicados convenios.





XUNTA
DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



Xacobeo 21-22

Por último, froito da constante colaboración entre as Universidades galegas e a Xunta de Galicia, tanto as contías asignadas como as accións a desenvolver son previamente acordadas e consensuadas coas tres universidades, estando a administración autonómica plenamente satisfeita co resultado desta colaboración, tal e como demostra o feito de que estes convenios sigan renovándose anualmente”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2022 10:35:44
Nº Rexistro: 40714
Data envío: 12/09/2022 10:35:44.058

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/09/2022 10:35:40

CSV: BOPGDSPG-fb2mBwnc1-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 27858**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noa Díaz Varela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a resolución da convocatoria das axudas do Programa Emega 2021”** (publicada no BOPG número 265 do 27 de xaneiro de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“O programa Emega da Xunta de Galicia ten como finalidade promover o espírito emprendedor e a actividade empresarial das mulleres mediante o apoio económico ao emprendemento feminino e a través da consolidación de proxectos empresariais liderados por mulleres como medio axeitado para a súa promoción, participación e progresión no mercado laboral.

Por esa razón, desde o Goberno galego considerouse necesario homenaxear a todas as emprendedoras, así como analizar as experiencias de tantas mulleres que o longo destes anos recibiron unha subvención Emega para o fomento do emprendemento feminino o 19 de novembro de 2021, xa que un cuarto de século é unha cifra significativa que reflicte a consistencia das accións do Goberno galego neste eido. O éxito, a continuidade e o fortalecemento deste programa no tempo, demostran que é un dos piares irrenunciabes sobre os que se asenta a actuación da Xunta na procura da igualdade de oportunidades entre as galegas e galegos.

O programa Emega erixiuse como punta de lanza da promoción da igualdade no eido laboral, e o apoio do Goberno galego a estas iniciativas susténtase en que sempre confiou no liderado, talento, capacidade resolutiva das mulleres para saír adiante e



procurar oportunidades como se ten demostrado ao longo da historia, e recentemente nos tempos máis duros da pandemia.

Cómpre ademais lembrar que en 2021, para apoiar o emprendemento feminino, a Xunta incrementou nun 54% o orzamento do programa Emega ata chegar aos 3,2 millóns de euros. Só nos últimos doce anos (2009-2021), a Xunta investiu neste programa máis de 14 millóns de euros para apoiar 1.134 iniciativas empresariais femininas, permitindo consolidar 2.113 postos de traballo femininos.

Neste ano 2022 a dotación orzamentaria desta iniciativa, alcanza os 4,2 millóns de euros, o importe máis alto de toda a súa historia.

Así pois o Goberno Galego está a contribuír coas súas políticas públicas a afianzar o emprendemento feminino, xa que conta cunha taxa de emprendemento feminino do 6,8% fronte ao 3,7% masculino, o que sitúa a Galicia á cabeza do resto das comunidades, só superada por Cataluña, ademais, Galicia é a comunidade autónoma con maior peso do emprego autónomo feminino a nivel estatal.

A celebración do 25 aniversario do Emega avala con firmeza a importancia de contar con liderado feminino para facer fronte aos importantes retos na nova etapa post-pandemia de recuperación económica”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2022 13:00:05
Nº Rexistro: 40754
Data envío: 12/09/2022 13:00:05.695

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/09/2022 12:59:56

CSV: BOPGDSPG-fb2mBwnc1-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 27999**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a demanda dun plan estratéxico para o porto da Coruña"**, (publicada no BOPG número 266 do 28 de xaneiro de 2022), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O tráfico de mercadorías no Porto da Coruña pechou 2021 cun incremento do 12% con respecto a 2020, ao superar os 11,8 millóns de toneladas. Unha cifra que implica unha notable recuperación con respecto ao descenso rexistrado nos meses máis duros da pandemia e que consolida ao porto coruñés como líder galego en volume de tráfico. De feito, no mes de decembro rexistráronse 1,3 millóns de toneladas, cifra que non se alcanzaba desde hai dous anos, concretamente desde outubro de 2019.

Os incrementos logrados en 2021 afectan tanto a graneis líquidos como a sólidos e mercadoría xeral. O principal motor foi o sector de graneis sólidos, cunha subida do 15,4% ao rozar os 3 millóns de toneladas. Especial impacto tivo o tráfico de cereais, o que pon de manifesto a consolidación do Porto Exterior como hub de produtos agroalimentarios. Neste sector destaca o máis que notable incremento en tráfico de millo, con máis de 1 millón de toneladas, o que supón un aumento do 40% sobre 2020.

En canto ao tráfico de graneis líquidos, o balance é tamén positivo cun incremento do 12,3%, e de novo situados como o sector con maior movemento, que o pasado ano alcanzou preto de 8 millóns de toneladas. Creceron tanto o petróleo cru, con 4,2 millóns de toneladas e un incremento do 15%, como os produtos refinados, con 3,3 millóns de toneladas e unha subida do 10,5%. A recuperación da actividade na refinería e o aumento da demanda ao recuperarse





a mobilidade foron factores determinantes.

A mercadoría xeral, pola súa banda, mantense estable cun incremento do 1,5%, ao superarse as 850.000 toneladas. De novo os produtos siderúrxicos e os materiais de construción son os que presentaron as mellores cifras.

O único descenso rexistrouse en pesca fresca e marisco, cun retroceso do 14,9%, que desde o sector achácase fundamentalmente aos recortes nas cotas de especies moi importantes na Lonxa, así como ás restricións na hostalería, que é un consumidor moi importante de produtos pesqueiros.

Pola contra, a estatística é moi favorable no caso do tráfico de cruceiros, que se recuperou con forza tras a interrupción provocada pola pandemia. As escalas renováronse no mes de setembro, con 32 atracadas ata final de ano, e as perspectivas para 2022 apuntan a un novo récord sobre o teito alcanzado en 2017, ante a previsión de 170 escalas.

Respecto a os tráficos no Porto Exterior, o ano pasado superáronse 1,3 millóns de toneladas, co que o total acumulado desde a posta en servizo desta infraestrutura pasou xa os 12 millóns de toneladas, a bordo de 1.200 barcos. Estes datos corroboran unha vez máis a eficiencia e operatividade de Langosteira e a forte aposta que realizaron os operadores implantando e ampliando as súas instalacións no recinto.

As previsións para o presente exercicio son tamén favorables e apuntan a unha continuidade na recuperación dos tráficos, de feito, en xaneiro deste ano se rexistrou un crecemento superior ao 13% con respecto ao do ano 2021, mantendo así a puxanza nos principais sectores.

Ademais a Xunta de Galicia traballa coa Autoridade Portuaria da Coruña no proxecto Green Port, que grandes investimentos no eido nas novas enerxías, algún deles xa en fase de





tramitación, convertendo así ao Porto Exterior nun axente impulsor da transición enerxética na área metropolitana da Coruña.

A Autoridade Portuaria da Coruña segue a traballar na diversificación dos tráfico, en todos os ámbitos portuarios”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2022 12:27:21
Nº Rexistro: 41021
Data envío: 14/09/2022 12:27:21.908

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/09/2022 12:27:18

CSV: BOPGDSPG-fb2mBwnc1-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 28213**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Patricia Otero Rodríguez, sobre **"as previsións do Goberno de Galicia respecto do aumento do persoal investigador para o centro Intecmar"**, (publicada no BOPG número 266 do 28 de xaneiro de 2022), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia foi creado por Lei no ano 2004 como Ente Público e constitúe o instrumento oficial da comunidade autónoma de Galicia, para o control da calidade do medio mariño e a aplicación das disposicións legais en materia de control técnico-sanitario dos produtos do mar.

O Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (INTECMAR) foi creado como un eslabón entre a investigación e a xestión, evitando todo tipo de solapamentos entre os centros xa existentes e establecendo colaboracións coa práctica totalidade dos centros e equipos de investigación mariña radicados en Galicia.

Dentro destas colaboracións son de destacar, entre outras, as establecidas cos seguintes centros: Centro de Investigacións Mariñas da Consellería do Mar; Instituto Español de Oceanografía; Laboratorio de Sistemas da Facultade de Físicas da Universidade de Santiago; Laboratorio Comunitario de Referencia en Biotoxinas; Instituto de Investigacións Mariñas do C.S.I.C.; Departamento de Ecoloxía e Bioloxía Animal da Facultade de Ciencias do Mar; Servizos Xerais de Apoio á Investigación da Universidade da Coruña; Centro Tecnolóxico do



Mar, Fundación CETMAR; Instituto de Acuicultura da USC; Consellería de Sanidade; Meteogalicia e Universidade de Vigo.

O INTECMAR é un laboratorio de ensaio acreditado por ENAC con acreditación Nº 160/LE394 dende 2005, ao ratificarse a acreditación da que xa gozaba o seu antecedente o Centro de Control da Calidade do Medio Mariño (CCMM) dende 1999.

A Entidade Nacional de Acreditación (ENAC) concedeu a acreditación ó Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (INTECMAR) para a realización das análises físico-químicas, microbiolóxicas, patolóxicas e toxicolóxicas en moluscos bivalvos e outros produtos procedentes da pesca, o marisqueo e a acuicultura.

Unha mostra da relevancia nacional e internacional do Intecmar neste eido é o feito de que a Axencia Española de Seguridade Alimentaria e Nutrición (Aesan) o designou en 2021 Laboratorio Nacional de Referencia en Biotoxinas Mariñas, o que lle permite "sentarse na mesma mesa" que os laboratorios de referencia de países europeos. Neste contexto, a Axencia Española de Seguridade Alimentaria e Nutrición (Aesan) facilitará tamén o acceso e a interacción do Intecmar co laboratorio de referencia da Unión Europea a través dun convenio de colaboración que está vixente e no que corresponde ao centro dependente da Consellería do Mar, entre outras funcións, prestar asesoramento aos laboratorios de control oficial nacionais, asistir aos cursos de formación sobre técnicas analíticas e participar nas reunións anuais organizadas polo laboratorio de referencia de biotoxinas mariñas na Unión Europea.

O factor humano constitúe un elemento básico na fiabilidade dos resultados dos ensaios, por iso o persoal do INTECMAR atópase debidamente cualificado e dispón da experiencia necesaria, para o desempeño das súas respectivas funcións, someténdose a unha formación adecuada e continua que lle permite incrementar a súa eficacia individual e colectiva.





XUNTA
DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



Xacobeo 21-22

Para o ano 2022, o orzamento do INTECMAR mantense na mesma liña en relación ao orzamento inicial de 2021 e chega a case 4 millóns de euros e, durante este ano o INTECMAR prevé incorporar 10 persoas máis, aumentando o número existente nun 12%".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2022 10:33:47
Nº Rexistro: 40813
Data envío: 13/09/2022 10:33:47.633

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2022 10:33:44

CSV: BOPGDSPG-fb2mBwnc1-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 28308**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e don Juan Carlos Francisco Rivera, sobre **"as actuacións do Goberno galego para acadar a execución da totalidade dos fondos de achega estatal do IV Plan de rescate"** (publicada no BOPG número 266 do 28 de xaneiro de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A Orde HAC/283/2021, do 25 de marzo, concretaba os aspectos necesarios para a distribución definitiva, entre as Comunidades Autónomas e as Cidades de Ceuta e Melilla, dos recursos da liña COVID de axudas directas a autónomos e empresas prevista no Título I do Real Decreto-lei 5/2021, do 12 de marzo, de medidas extraordinarias de apoio á solvencia empresarial en resposta á pandemia da covid-19.

O antedito Real Decreto-lei (RDL) fixaba e establecía os requisitos que debían cumprir autónomos e empresas para poder acceder a esta liña de financiamento.

A Xunta de Galicia recibiu do Estado 234.470.880 euros e para a súa execución publicáronse as seguintes convocatorias de axuda:

a) ORDE do 9 de xuño de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras do III Plan de rescate das persoas traballadoras autónomas, profesionais e empresas particularmente afectadas pola crise da COVID-19 mediante axudas directas para o apoio á solvencia e redución do endebedamento do sector privado, a través do Programa I de persoas traballadoras autónomas en estimación obxectiva (TR600A), do Programa II de apoio ás persoas traballadoras autónomas individuais e persoas traballadoras autónomas ou empresas con ata 10 persoas traballadoras, ou de ata 25 persoas traballadoras cun volume de facturación de ata 2 millóns de euros (TR600B), e do Programa III de apoio ás persoas



traballadoras autónomas ou empresas con máis de 10 persoas traballadoras, e cun volume de facturación de máis de 2 millóns de euros, ou empresas de máis de 25 persoas traballadoras (TR600C), e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (DOG núm. 110 do 11/06/2021).

b) A anterior orde foi modificada pola Orde do 12 de xullo de 2021 (DOG núm. 132, do 13/07/2021), xa que cando estaba practicamente rematado o prazo de presentación de solicitudes, constatouse que se tiña presentado un número moi reducido de solicitudes, se se compara coas presentadas nos dous anteriores plans de rescate, financiados con fondos da Comunidade Autónoma.

Por iso, co fin de poder acadar os obxectivos de apoio a autónomos e empresas que se perseguían e logo das reunións celebradas cos axentes sociais e económicos no seo do Diálogo Social de Galicia, así como coas asociacións máis representativas do colectivo de persoas autónomas na Mesa do Emprego Autónomo, pasaron a considerarse particularmente afectadas pola pandemia no eido do territorio de Galicia, a efectos de poder acceder a estas axudas, a totalidade das actividades que se clasifican nos códigos da Clasificación de Actividades Económicas-CNAE09 non incluídos no anexo I do Real decreto lei 5/2021, do 12 de marzo, sempre e cando tivesen unha caída no volume de operacións superior ao 30 % no ano 2020 en relación co ano 2019, así como a todas as persoas profesionais e empresarias que aplicasen o réxime de estimación obxectiva no imposto sobre a renda das persoas físicas, aos que se consideraba que se atopan particularmente afectados pola pandemia pola mera tenencia das débedas definidas no artigo 1.3 do referido Real decreto lei, con independencia da porcentaxe de caída do volume de operacións.

Ademais, tendo en conta estas novas condicións, estableceuse un novo prazo de presentación de solicitudes, ampliándoo ata o día 30 de setembro de 2021.

c) ORDE do 18 de outubro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras do IV Plan de rescate das persoas traballadoras autónomas, profesionais e empresas particularmente afectadas pola crise da COVID-19, mediante axudas directas para o apoio á solvencia e





XUNTA
DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2022 13:53:32
Nº Rexistro: 40777
Data envío: 12/09/2022 13:53:32.760
AACODEO 21-22

redución do endebedamento do sector privado, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (código de procedemento TR700A) (DOG núm. 208 do 28/10/2021).

Esta nova convocatoria de axudas estivo motivada polas modificacións operadas no Real decreto lei 5/2021, do 12 de marzo, pola disposición derradeira terceira do Real decreto lei 17/2021, do 14 de setembro, de medidas urxentes para mitigar o impacto da escalada de prezos do gas natural nos mercados retalistas de gas e electricidade, para recoller expresamente a posibilidade de que estas axudas poidan aplicarse á compensación de custos fixos en que se tivera incorrido.

Optouse por efectuar unha nova convocatoria de axudas no canto de modificar novamente a convocatoria inicial para tratar de conseguir unha maior axilidade na xestión e permitir así o acceso a novas persoas e entidades beneficiarias.

Os resultados finais da xestión por parte da Xunta de Galicia son os que se reflicten a continuación:

- Producíronse un total de 15.297 resolucións de concesión a favor de 11.905 beneficiarios por un importe total de 170.682.710,34 euros.

- Recibiron axuda todas as empresas e persoas autónomas que a solicitaron e que cumprían cos requisitos establecidos e fixados polo RDL 5/2021".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2022 13:53:32
Nº Rexistro: 40777
Data envío: 12/09/2022 13:53:32.760

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/09/2022 13:53:29

CSV: BOPGDSPG-fb2mBwnc1-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 28309**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as actuacións do Goberno galego para acadar a execución da totalidade dos fondos de achega estatal do IV Plan de rescate"** (publicada no BOPG número 266 do 28 de xaneiro de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A Orde HAC/283/2021, do 25 de marzo, concretaba os aspectos necesarios para a distribución definitiva, entre as Comunidades Autónomas e as Cidades de Ceuta e Melilla, dos recursos da liña COVID de axudas directas a autónomos e empresas prevista no Título I do Real Decreto-lei 5/2021, do 12 de marzo, de medidas extraordinarias de apoio á solvencia empresarial en resposta á pandemia da covid-19.

O antedito Real Decreto-lei (RDL) fixaba e establecía os requisitos que debían cumprir autónomos e empresas para poder acceder a esta liña de financiamento.

A Xunta de Galicia recibiu do Estado 234.470.880 euros e para a súa execución publicáronse as seguintes convocatorias de axuda:

a) ORDE do 9 de xuño de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras do III Plan de rescate das persoas traballadoras autónomas, profesionais e empresas particularmente afectadas pola crise da COVID-19 mediante axudas directas para o apoio á solvencia e redución do endebedamento do sector privado, a través do Programa I de persoas traballadoras autónomas en estimación obxectiva (TR600A), do Programa II de apoio ás persoas traballadoras autónomas individuais e persoas traballadoras autónomas ou empresas con ata 10 persoas traballadoras, ou de ata 25 persoas traballadoras cun volume de facturación de ata 2 millóns de euros (TR600B), e do Programa III de apoio ás persoas



traballadoras autónomas ou empresas con máis de 10 persoas traballadoras, e cun volume de facturación de máis de 2 millóns de euros, ou empresas de máis de 25 persoas traballadoras (TR600C), e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (DOG núm. 110 do 11/06/2021).

b) A anterior orde foi modificada pola Orde do 12 de xullo de 2021 (DOG núm. 132, do 13/07/2021), xa que cando estaba practicamente rematado o prazo de presentación de solicitudes, constatouse que se tiña presentado un número moi reducido de solicitudes, se se compara coas presentadas nos dous anteriores plans de rescate, financiados con fondos da Comunidade Autónoma.

Por iso, co fin de poder acadar os obxectivos de apoio a autónomos e empresas que se perseguían e logo das reunións celebradas cos axentes sociais e económicos no seo do Diálogo Social de Galicia, así como coas asociacións máis representativas do colectivo de persoas autónomas na Mesa do Emprego Autónomo, pasaron a considerarse particularmente afectadas pola pandemia no eido do territorio de Galicia, a efectos de poder acceder a estas axudas, a totalidade das actividades que se clasifican nos códigos da Clasificación de Actividades Económicas-CNAE09 non incluídos no anexo I do Real decreto lei 5/2021, do 12 de marzo, sempre e cando tivesen unha caída no volume de operacións superior ao 30 % no ano 2020 en relación co ano 2019, así como a todas as persoas profesionais e empresarias que aplicasen o réxime de estimación obxectiva no imposto sobre a renda das persoas físicas, aos que se consideraba que se atopan particularmente afectados pola pandemia pola mera tenencia das débedas definidas no artigo 1.3 do referido Real decreto lei, con independencia da porcentaxe de caída do volume de operacións.

Ademais, tendo en conta estas novas condicións, estableceuse un novo prazo de presentación de solicitudes, ampliándoo ata o día 30 de setembro de 2021.

c) ORDE do 18 de outubro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras do IV Plan de rescate das persoas traballadoras autónomas, profesionais e empresas particularmente afectadas pola crise da COVID-19, mediante axudas directas para o apoio á solvencia e





XUNTA
DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2022 13:53:25
Nº Rexistro: 40776
Data envío: 12/09/2022 13:53:25.697
CÓDIGO 21-22

redución do endebedamento do sector privado, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (código de procedemento TR700A) (DOG núm. 208 do 28/10/2021).

Esta nova convocatoria de axudas estivo motivada polas modificacións operadas no Real decreto lei 5/2021, do 12 de marzo, pola disposición derradeira terceira do Real decreto lei 17/2021, do 14 de setembro, de medidas urxentes para mitigar o impacto da escalada de prezos do gas natural nos mercados retalistas de gas e electricidade, para recoller expresamente a posibilidade de que estas axudas poidan aplicarse á compensación de custos fixos en que se tivera incorrido.

Optouse por efectuar unha nova convocatoria de axudas no canto de modificar novamente a convocatoria inicial para tratar de conseguir unha maior axilidade na xestión e permitir así o acceso a novas persoas e entidades beneficiarias.

Os resultados finais da xestión por parte da Xunta de Galicia son os que se reflicten a continuación:

- Producíronse un total de 15.297 resolucións de concesión a favor de 11.905 beneficiarios por un importe total de 170.682.710,34 euros.

- Recibiron axuda todas as empresas e persoas autónomas que a solicitaron e que cumprían cos requisitos establecidos e fixados polo RDL 5/2021".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2022 13:53:25
Nº Rexistro: 40776
Data envío: 12/09/2022 13:53:25.697

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/09/2022 13:53:22

CSV: BOPGDSPG-fb2mBwnc1-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 28788**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Leticia Gallego Sanromán e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da paralización por parte da Autoridade Portuaria de Vigo de calquera proxecto que supoña novos recheos na ría e a realización dun estudo que permita diferenciar as actividades que precisan estar na terminal de Bouzas”**, (publicada no BOPG número 271 do 4 de febreiro de 2022), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Tras a primeira reunión mantida entre o presidente da Autoridade Portuaria de Vigo, e o alcalde de Vigo, no mes de xaneiro de 2021, o 8 de novembro de 2021 mantiveron un segundo encontro.

O presidente da Autoridade Portuario de Vigo dado que o Goberno local acababa de aprobar inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal expúxolle ao rexedor as propostas de mellora para o Porto de Vigo, co fin de facelas coincidir, deste xeito, co plan municipal. O presidente da Autoridade Portuaria de Vigo trasladou ao alcalde da cidade as propostas de mellora do Porto de Vigo para os próximos anos, de acordo co Plan de Empresa aprobado recentemente polo organismo oficial e no que a Autoridade Portuaria de Vigo planificou diversos investimentos para os próximos 5 anos por un valor de 149 millóns de euros.

En relación ao proxecto de construción da ampliación da Terminal de Bouzas, que xa non contempla a fase 2, reduciuse significativamente a superficie do proxecto inicial, de aproximadamente 70.000 m² a 18.000 m². Por este motivo, en xullo de 2021 solicitouse ao órgano ambiental a suspensión do proceso de avaliación ambiental do proxecto inicial, á espera de que finalice a redacción do novo proxecto.

A superficie reduciuse mantendo o incremento de amarres e un maior calado para recibir os buques, actuais e futuros, cada vez maiores.





Ademais, o presidente portuario abordou diferentes cuestións de interese para ambas partes, como a necesidade de mellorar a conexión do Porto coas empresas, a meseta e Portugal, con especial fincapé na importancia da conexión ferroviaria coa Terminal de Bouzas. Un aspecto que o presidente da Autoridade Portuaria de Vigo considera fundamental e onde non houbo coincidencia, pero sobre o que, lembrou, si se pronunciaron de forma positiva diferentes autoridades, como o anterior presidente de Puertos del Estado, quen asegurou que 'o noso país está á cola de Europa con menos do 5% de uso do ferrocarril para o transporte de mercadorías e hai que potencialo', e que o recentemente nomeado presidente ratifica; o director de Portos e Transporte do FTI da OCDE/OCDE, que o considera como un reto para ser máis eficiente, rápido, rendible e amigable co medio ambiente; ou as Cámaras de Comercio de España, que o inclúen como unha medida para ter en conta para impulsar a competitividade do sistema portuario español. En canto a esta conexión por tren cunha das maiores terminais do Porto de Vigo -en referencia á Terminal de coches-, o máximo responsable da Autoridade Portuaria de Vigo insistiu en que é imprescindible, aínda que asegurou que non afectará á cidade. Segundo subliñou o presidente da Autoridade Portuaria de Vigo, a institución busca a colaboración e a coordinación entre administracións e, por iso, aposta por unir esforzos a nivel técnico para estudar a planificación urbanística actual, á vez que demanda axilidade para poder chegar en tempo e forma á captación de fondos Next Generation".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2022 12:55:56
Nº Rexistro: 40892
Data envío: 13/09/2022 12:55:56.750

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2022 12:55:53

CSV: BOPGDSPG-fb2mBwnc1-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 28792**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Leticia Gallego Sanromán e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións da Consellería do Mar respecto da construción da vía de acceso sur ao porto da Guarda no primeiro semestre de 2021 e as súas razóns para non consignar a partida orzamentaria necesaria para ese fin"**, (publicada no BOPG número 271 do 4 de febreiro de 2022), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia a través da Consellería do Mar está a investir máis de 250.000 euros nos últimos meses en melloras portuarias para os peiraos guardeses. Así o subliñou a presidenta de Portos de Galicia, nunha visita o 4 de marzo de 2022 ao municipio para comprobar as obras que o ente público estaba a executar na zona.

Portos de Galicia ten en execución a mellora funcional da rampla de varada da Guarda, cun orzamento de 180.000 euros. As obras consisten na ampliación da rampla de varada, a reparación dos descalses nos peiraos e escadas anexas, a unión dos muros e a reparación do pavimento existente en varias zonas deterioradas.

Esta actuación únese á que se vén de finalizar de rehabilitación da envolvente da nave de redes. Neste caso, a obra dá resposta a unha necesidade trasladada polo colectivo de redeiras da Guarda e enmárcase na liña de traballo de Portos de Galicia para mellorar as condicións das envolventes de edificios de traballo como lonxas ou naves de redes. Deste xeito, mellóranse as condicións de traballo do sector profesional. O investimento realizado foi de preto de 50.000 euros.





XUNTA
DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



Xacobeo 21-22

Finalmente, tamén se executaron varias actuacións menores no peirao de Camposancos para mellorar o acceso a terra dos pescadores de río que desenvolven a súa actividade profesional neste porto. Estes traballos supuxeron unha partida de 28.000 euros”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2022 10:33:03
Nº Rexistro: 40808
Data envío: 13/09/2022 10:33:03.196

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2022 10:33:00

CSV: BOPGDSPG-fb2mBwnc1-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 28857**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a valoración da Xunta de Galicia respecto da posible adquisición das instalacións da antiga conserveira de Esteiro do Grupo Calvo"**, (publicada no BOPG número 271 do 4 de febreiro de 2022) , convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O 28 de setembro de 2017, nun comunicado de prensa o grupo internacional de alimentación Calvo anunciaba o peche da fábrica de Esteiro e a integración das operacións de produción das súas sociedades Conserveira de Esteiro S.A.U. e Calvo Conservas S.L.U. na planta desta última situada en Carballo (A Coruña), que é o principal centro de produción da compañía en España.

A integración conlevaba o cesamento da actividade da fábrica de Esteiro, na que só se realizaban actividades de limpeza de peixe e cuxa capacidade e competitividade viuse minorada nos últimos anos

O Grupo Calvo comprometeuse a manter a totalidade do emprego e ofrecerá ao persoal actual da planta de Esteiro, ao redor de 100 empregados, a posibilidade de continuar o seu labor na planta de Carballo

O 26 de outubro de 2017 a alcaldesa Muros mantiña unha xuntanza con representantes da Xunta na procura de fórmulas para paliar impacto económico do peche da fábrica. Nesta reunión a Xunta informou que dará facilidades si outra firma se interesaba pola planta de Calvo en Esteiro.





En novembro de 2021 a empresa Calvo sacou a poxa pública a conserveira a través do portal especializado. O prezo de saída fixouse nun millón de euros, un 70% de desconto respecto a súa Valoración de Reposición a Novo (VRN) de 2016, que alcanza os 3,292 millóns de euros.

As instalacións, situadas en Esteiro (Muros), teñen 18.744 metros cadrados útiles e dispoñen de tres naves cunha superficie de 6.700 metros cadrados e unha altura de entre seis e 12 metros. Unha delas ten integradas cámaras frigoríficas de 250 metros cadrados e cinco metros de altura.

O edificio tamén ten unha nave auxiliar cunha superficie de 1.050 metros cadrados, así como outra de oficinas de tres plantas, de 1.200 metros cadrados; un edificio de vestiario e comedor, de 300 metros cadrados; e dúas vivendas de 250 metros cadrados, totalmente separadas (chalé e apartamento) e de uso residencial.

A conserveira tamén conta con tres alpendres que ocupan terreo marítimo terrestre destinados a albergar depósitos de diversos usos, así como de bombas de captación de auga de mar.

O inmovible necesita unha reforma e unicamente poderá destinarse aos usos e actividades permitidas conforme ao art. 25 da Lei 22/88, do 28 de xullo de Costas, e demais normativa aplicable.

Así, a antiga fábrica de Calvo está parcialmente afectada por Costas, e en concreto, os tres alpendres atópanse en dominio público marítimo-terrestre, o cal non só implica que calquera actuación na zona debe axustarse á lei e contar co beneplácito do organismo estatal, senón que este tamén debe autorizar o traspaso da propiedade.

A poxa terminou o 18 de xaneiro de 2022.





XUNTA
DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



Xacobeo 21-22

Podería ser unha oportunidade de investimento para algunha outra firma do sector, ou mesmo para outro tipo de actividades a condición de que se axustasen á lei de Costas, pero finalmente a poxa pola fábrica de Calvo en Esteiro pechouse sen comprador. De feito, parece que ninguén está disposto a pagar unha suma de seis cifras por unhas instalacións que foron un referente da conserva na ría de Muros-Noia, e nos máis de dous meses que permaneceu aberto o proceso de venda non se rexistrou ningunha poxa polo inmovible.

Aínda que é certo que, despois de catro anos sen actividade, de querer poñer de novo en marcha a maquinaria da factoría, sería necesario realizar un investimento a maiores. De feito, rumoreouse certo interese dalgunha empresa da zona polo inmovible, aínda que o custo e a contía necesaria para reactivar o recinto botarían por terra as expectativas dunha posible venda.

Cabe lembrar que Calvo non pode recibir axudas do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (nin tampouco do anterior FEP e do próximo FEMPA) ao ser considerada como 'gran empresa' polo seu número de traballadores e de facturación".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 10:31:53
Nº Rexistro: 41071
Data envío: 15/09/2022 10:31:53.013

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/09/2022 10:31:49

CSV: BOPGDSPG-fb2mBwnc1-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 29011**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Patricia Otero Rodríguez, sobre **"a nave para usos privados que se está a contruír no porto do Xufre na Illa de Arousa"**, (publicada no BOPG número 271 do 4 de febreiro de 2022), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"A finais de 2021, Portos de Galicia modificou a concesión que foi outorgada en 2015 mediante concurso público ao varadoiro do peirao do Xufre, na Illa de Arousa, para a construción dunha nave de invernada. A tramitación do expediente de modificación conta con todos os requisitos legais para o seu outorgamento e foi sometida a exposición pública sen recibir ningunha alegación.

A concesión é acorde ao Plan de Usos do porto, encaixando a súa localización nunha zona de solo destinada a usos complementarios entre os que se atopa o da nave de invernada. Así mesmo, cumpre coa disposición transitoria recollida na lei de Portos de aplicación nos casos en que non existe Plan Especial do porto, como é este e que limita a altura a 12 metros.

Portos de Galicia pediu informe técnico ao Concello da Illa de Arousa en tres ocasións buscando as maiores garantías sobre este expediente e o Goberno local non informou desfavorablemente esta solicitude en ningunha das tres ocasións nin propuxo modificacións sobre o proxecto. Ademais, en solicitudes análogas referiu a conveniencia de aplicar a disposición transitoria citada, como se fixo.

Ademais Portos de Galicia solicitou ao concesionario unha análise de integración paisaxística e modificacións para a maior integración. Para maiores garantías e de xeito voluntario, Portos de Galicia solicitou adicionalmente un informe xurídico previo desta concesión e





XUNTA
DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



Xacobeo 21-22

condicionou o outorgamento da concesión á obtención de licenza municipal nun prazo máximo de seis meses. É dicir, sen a licenza do Concello da Illa non cabería a concesión. Polo tanto, a modificación da concesión faise efectiva toda vez que o Concello outorga a licenza.

Esta proposta enmárcase dentro da natureza do aproveitamento do solo portuario polo que Portos de Galicia cumpriu coa súa obriga de tramitar a concesión e outorgala esixindo previamente todas as garantías”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2022 12:55:49
Nº Rexistro: 40891
Data envío: 13/09/2022 12:55:49.094

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2022 12:55:44

CSV: BOPGDSPG-fb2mBwnc1-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 29041**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e don Gonzalo Caballero Miguez, sobre **"a execución total do fondo recollido na Orde HAC/283/2021, de 25 de marzo relativa á distribución entre comunidades autónomas dos recursos da liña covid de axudas directas a autónomos e empresas"** (publicada no BOPG número 271 do 4 de febreiro de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A Orde HAC/283/2021, do 25 de marzo, concretaba os aspectos necesarios para a distribución definitiva, entre as Comunidades Autónomas e as Cidades de Ceuta e Melilla, dos recursos da liña COVID de axudas directas a autónomos e empresas prevista no Título I do Real Decreto-lei 5/2021, do 12 de marzo, de medidas extraordinarias de apoio á solvencia empresarial en resposta á pandemia da covid-19.

O antedito Real Decreto-lei (RDL) fixaba e establecía os requisitos que debían cumprir autónomos e empresas para poder acceder a esta liña de financiamento.

A Xunta de Galicia recibiu do Estado 234.470.880 euros e para a súa execución publicáronse as seguintes convocatorias de axuda:

a) ORDE do 9 de xuño de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras do III Plan de rescate das persoas traballadoras autónomas, profesionais e empresas particularmente afectadas pola crise da COVID-19 mediante axudas directas para o apoio á solvencia e redución do endebedamento do sector privado, a través do Programa I de persoas traballadoras autónomas en estimación obxectiva (TR600A), do Programa II de apoio ás persoas traballadoras autónomas individuais e persoas traballadoras autónomas ou empresas con ata 10 persoas traballadoras, ou de ata 25 persoas traballadoras cun volume de facturación de ata 2 millóns de euros (TR600B), e do Programa III de apoio ás persoas



traballadoras autónomas ou empresas con máis de 10 persoas traballadoras, e cun volume de facturación de máis de 2 millóns de euros, ou empresas de máis de 25 persoas traballadoras (TR600C), e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (DOG núm. 110 do 11/06/2021).

b) A anterior orde foi modificada pola Orde do 12 de xullo de 2021 (DOG núm. 132, do 13/07/2021), xa que cando estaba practicamente rematado o prazo de presentación de solicitudes, constatouse que se tiña presentado un número moi reducido de solicitudes, se se compara coas presentadas nos dous anteriores plans de rescate, financiados con fondos da Comunidade Autónoma.

Por iso, co fin de poder acadar os obxectivos de apoio a autónomos e empresas que se perseguían e logo das reunións celebradas cos axentes sociais e económicos no seo do Diálogo Social de Galicia, así como coas asociacións máis representativas do colectivo de persoas autónomas na Mesa do Emprego Autónomo, pasaron a considerarse particularmente afectadas pola pandemia no eido do territorio de Galicia, a efectos de poder acceder a estas axudas, a totalidade das actividades que se clasifican nos códigos da Clasificación de Actividades Económicas-CNAE09 non incluídos no anexo I do Real decreto lei 5/2021, do 12 de marzo, sempre e cando tivesen unha caída no volume de operacións superior ao 30 % no ano 2020 en relación co ano 2019, así como a todas as persoas profesionais e empresarias que aplicasen o réxime de estimación obxectiva no imposto sobre a renda das persoas físicas, aos que se consideraba que se atopan particularmente afectados pola pandemia pola mera tenencia das débedas definidas no artigo 1.3 do referido Real decreto lei, con independencia da porcentaxe de caída do volume de operacións.

Ademais, tendo en conta estas novas condicións, estableceuse un novo prazo de presentación de solicitudes, ampliándoo ata o día 30 de setembro de 2021.

c) ORDE do 18 de outubro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras do IV Plan de rescate das persoas traballadoras autónomas, profesionais e empresas particularmente afectadas pola crise da COVID-19, mediante axudas directas para o apoio á solvencia e





redución do endebedamento do sector privado, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (código de procedemento TR700A) (DOG núm. 208 do 28/10/2021).

Esta nova convocatoria de axudas estivo motivada polas modificacións operadas no Real decreto lei 5/2021, do 12 de marzo, pola disposición derradeira terceira do Real decreto lei 17/2021, do 14 de setembro, de medidas urxentes para mitigar o impacto da escalada de prezos do gas natural nos mercados retalistas de gas e electricidade, para recoller expresamente a posibilidade de que estas axudas poidan aplicarse á compensación de custos fixos en que se tivera incorrido.

Optouse por efectuar unha nova convocatoria de axudas no canto de modificar novamente a convocatoria inicial para tratar de conseguir unha maior axilidade na xestión e permitir así o acceso a novas persoas e entidades beneficiarias.

Os resultados finais da xestión por parte da Xunta de Galicia son os que se reflicten a continuación:

- Producíronse un total de 15.297 resolucións de concesión a favor de 11.905 beneficiarios por un importe total de 170.682.710,34 euros.

- Recibiron axuda todas as empresas e persoas autónomas que a solicitaron e que cumprían cos requisitos establecidos e fixados polo RDL 5/2021".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2022 13:53:00
Nº Rexistro: 40773
Data envío: 12/09/2022 13:53:00.338

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/09/2022 13:52:50

CSV: BOPGDSPG-fb2mBwnc1-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 29730**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Pablo Arangüena Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as actuacións que está a levar a cabo e as previstas polo Goberno galego en relación coa baixada da produción marisqueira da ría de Ferrol, as súas causas e a realización dalgún estudo ao respecto"**, (publicada no BOPG número 274 do 9 de febreiro de 2022), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O Goberno galego está a traballar de xeito intenso desde 2019, e así o imos seguir facendo, no estudo da produción da ría de Ferrol e na adopción de medidas que permitan incrementar a súa produtividade.

Ese labor e as últimas mostraxes realizadas revelan unha melloría nalgunhas especies de moluscos bivalvos presentes no banco das Pías.

Destaca a mellora do stock comercial da ameixa fina, do berberecho e da ameixa babosa, o que contribuirá a mellorar o resultado das capturas.

Somos conscientes de que queda moito traballo por facer para recuperar os niveis de produción da ría de anos pasados, pero estamos a centrar todos os esforzos nese obxectivo e xa conseguimos avances:

As cifras de facturación pola venda de moluscos bivalvos na ría acadaron en 2021 os 2,8 millóns de euros, a cifra máis alta dos últimos catro anos.





XUNTA
DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



Xacobeo 21-22

Imos continuar coa senda iniciada en 2019, cando puxemos en marcha un plan de medidas para a mellora dos bancos marisqueiros que:

Foi artellado en base a criterios técnicos.

Contou cun orzamento de arredor de 800.000 euros.

Incluía distintas actuacións como a remoción de substrato, o aporte de áridos, o control de talles ou a retirada de estrelas de mar, o principal depredador da ameixa babosa”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2022 12:55:38
Nº Rexistro: 40890
Data envío: 13/09/2022 12:55:38.157

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2022 12:55:34

CSV: BOPGDSPG-fb2mBwnc1-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 29743**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Pablo Arangüena Fernández e dona Paloma Castro Rey, sobre **"a información que lle está a trasladar o Goberno galego ao sector mar-industria-alimentaria respecto das modificacións lexislativas que o poden afectar"**, (publicada no BOPG número 274 do 9 de febreiro de 2022), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O novo Regulamento Xeral de Costas aprobado polo Goberno central confirma a cruzada arbitraria do Executivo estatal contra as instalacións do litoral e a súa intención de expulsar do mesmo toda actividade social e económica sen xustificación técnica algunha.

O Ministerio non tivo en conta as alegacións de Galicia pero estamos analizando o regulamento e, se hai posibilidade de recurso, recorreremos.

A tal fin a Xunta reuniuse o 8 de agosto de 2022 co Observatorio do Litoral, un recoñecido grupo de investigación da Universidade da Coruña especializado en cuestións xurídicas do litoral e que considera que hai base xurídica suficiente para interpoñer recurso contra a reforma do Regulamento de Costas.

Cómpre subliñar que esta nova normativa:

Elimina a prórroga extraordinaria e automática de todas as concesións de vivendas e actividades económicas anteriores á Lei de Costas de 1988.



Limita a duración máxima das concesións das empresas a 75 anos (incluíndo todas as prórrogas) a pesar das decisións xudiciais recentes ao respecto.

Abre a vía para modificar os límites do dominio público marítimo-terrestre de xeito arbitrario, algo que ata o de agora se producía cando se constataban 5 alcances do mar nun período de 5 anos pero que co novo regulamento requirirá un só alcance.

O Goberno galego leva máis de tres anos advertindo dos plans do Goberno estatal, que poñen en risco máis dun cento de empresas do complexo mar-industria e outras 4.000 edificacións do litoral galego. E seguiremos defendendo ante todas as instancias os intereses de Galicia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2022 12:55:30
Nº Rexistro: 40889
Data envío: 13/09/2022 12:55:30.704

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2022 12:55:25

CSV: BOPGDSPG-fb2mBwnc1-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión : **29766**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Alexandra Fernández Gómez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a modificación unilateral das condicións laborais da empresa Saerco (Servicios Aeronáuticos Control y Navegación)”** (publicada no BOPG número 274 do 9 de febreiro de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“A competencia no control do cumprimento das condicións laborais correspóndelle á Inspección de Traballo e Seguridade Social (ITSS), ente que actúa baixo os principios de independencia técnica e autonomía e que ten como función exercer a vixilancia do cumprimento das normas laborais e esixir responsabilidades. Pero tamén se ocupa de asesorar, conciliar, mediar e arbitrar ditas materias.

Nun suposto de vulneración dos dereitos das persoas traballadoras serán os afectados os que presenten as correspondentes demandas ante a xurisdición social, conforme ao previsto na Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da Xurisdición Social xa que como establece no seu artigo número 1 son estes órganos os que coñecerán as pretensións que se promovan dentro da rama social do Dereito, tanto na súa vertente individual como colectiva, incluíndo aquelas que versen sobre materias laborais e de Seguridade Social, así como das impugnacións das actuacións das Administracións públicas realizadas no exercicio das súas potestades e funcións sobre as anteriores materias.





Poden consultar o marco normativo na seguinte ligazón

(<https://www.boe.es/buscar/pdf/2011/BOE-A-2011-15936-consolidado.pdf>)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 13:31:29
Nº Rexistro: 41130
Data envío: 15/09/2022 13:31:29.875

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/09/2022 13:31:26

CSV: BOPGDSPG-fb2mBwnc1-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 29789**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Pablo Arangüena Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións do Goberno ga lego respecto da solicitude ao Goberno central da transferencia a Galicia das competencias da xestión do dominio público marítimo-terrestre, así como a elaboración dun plan integral para conciliar os valores medioambientais, económicos, turísticos e paisaxísticos da costa galega"**, (publicada no BOPG número 274 do 9 de febreiro de 2022), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia vén defendendo desde hai tempo que Galicia conta con competencias en materia de ordenación do dominio público marítimo-terrestre, tal e como ditaminou recentemente o Consello Consultivo de Galicia.

Dito ditame sinala que:

A Comunidade ostenta competencias en materia de ordenación do litoral e que o traspaso de funcións e servizos é un acto debido por parte da Administración do Estado.

Galicia xa ten recoñecida a competencia exclusiva sobre ordenación do territorio e do litoral no artigo 27.3 do Estatuto de Autonomía, como recolle o ditame do Consultivo.

Dentro da competencia que ostenta a Comunidade está integrada a xestión dos títulos de ocupación e uso do DPMT como función executiva.





XUNTA
DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



Xacobeo 21-22

O que vimos demandando dende o Goberno galego é o traspaso efectivo de funcións e servizos, algo para o que non é preciso reformar o Estatuto, segundo ratificou o Consultivo no seu ditame.

Non ten sentido a xestión que se está a levar da costa a 600 quilómetros de Galicia cando nós temos capacidade de sobra para xestionar os nosos recursos naturais”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2022 12:55:16
Nº Rexistro: 40888
Data envío: 13/09/2022 12:55:16.267

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2022 12:55:06

CSV: BOPGDSPG-fb2mBwnc1-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 29924**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as medidas previstas pola Consellería do Mar para paliar a situación na que se atopa a frota de palangre de superficie"**, (publicada no BOPG número 274 do 9 de febreiro de 2022), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"Dende Goberno galego consideramos que é un despropósito e un disparate que o Ministerio para a Transición Ecolóxica siga vetando a comercialización do marraxo cando hai fixadas cotas para a súa captura.

Esta situación:

Pon en risco seriamente á frota galega de palangre de superficie.

É froito da descoordinación entre os Ministerios de Agricultura, Pesca e Alimentación e Transición Ecolóxica e Reto Demográfico.

É incomprensible que habendo posibilidades de pesca da especie, unha decisión arbitraria do Ministerio de Transición Ecolóxica impida a súa captura e venda.

A isto súmase o agravio comparativo con Portugal, que:

Concedeu permisos de comercialización de marraxo no 2020 e 2021 e puido pescar e desembarcar a especie na UE fronte á imposibilidade dos barcos españois, que incluso tiveron que destruír as capturas.





XUNTA
DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



Xacobeo 21-22

Pode seguir capturándoo e comercializándoo fronte a indefinición en España, que mantén bloqueada a actividade pesqueira.

Ante esta situación solicitamos dende o primeiro momento que o Goberno central autorizase a venda desta especie e que puidese capturarse con normalidade evitando agravios comparativos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 10:31:24
Nº Rexistro: 41067
Data envío: 15/09/2022 10:31:24.451

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/09/2022 10:31:21

CSV: BOPGDSPG-fb2mBwnc1-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 30238** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noa Díaz Varela, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o estado en que se atopa o Plan galego de conciliación e corresponsabilidade 2018-2021"** (publicada no BOPG número 278 do 17 de febreiro de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"O pasado de 09 de marzo de 2022 a conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, deu resposta no Parlamento galego á interpelación do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, número de rexistro 30681, sobre o Plan galego de conciliación e corresponsabilidade 2018-2021.

A Xunta de Galicia está a traballar no deseño do II Plan galego de conciliación e corresponsabilidade e na avaliación completa da primeira edición desta iniciativa que se iniciou en 2018 e rematou en decembro de 2021. Ata 2020 cumpríronse 7 de cada 10 medidas deste instrumento que contou cun orzamento de máis de 848.755.030 euros e que se artellou sobre cinco áreas estratéxicas con 15 obxectivos específicos e 100 medidas concretas.





Na seguinte ligazón pódese consultar a resposta:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?
id=MjQ0Yzk4NTAtZDNhOS00ODI2LWFiODQtNWY2ZTI1ZTEzYWFi&start=2241](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MjQ0Yzk4NTAtZDNhOS00ODI2LWFiODQtNWY2ZTI1ZTEzYWFi&start=2241)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2022 10:35:14
Nº Rexistro: 40710
Data envío: 12/09/2022 10:35:14.887

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/09/2022 10:35:11

CSV: BOPGDSPG-fb2mBwnc1-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión: **30297**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións previstas pola Xunta de Galicia respecto do impacto na economía galega e na vida das mulleres do empobrecemento e do aumento das desigualdades de xénero”** (publicada no BOPG número 278 do 17 de febreiro de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“A igualdade real e efectiva consagrada no artigo 14 da Constitución Española é un principio reitor da acción do Goberno galego e o establecido no artigo 35, relativo ao deber e ao dereito ao traballo sen que en ningún caso se poida facer discriminación por razón de sexo, é un compromiso firme da Xunta de Galicia.

Neste sentido, destacan numerosas iniciativas postas en marcha nos últimos tempos a prol da igualdade laboral entre mulleres e homes, sendo a máis significativa a ligazón nunha mesma Consellería dos ámbitos de emprego e igualdade. Estas medidas dan conta de que o Goberno galego non é alleo a problemas sociais e estruturais como a fenda salarial, unha situación que se produce en todas as comunidades autónomas, no conxunto do Estado e mesmamente na Unión Europea.

Por outra banda, cabe sinalar que as competencias para regular sobre a igualdade retributiva (lexislación laboral) recaen no Estado español, tal e como establece o artigo 149.1.7ª. Non obstante, e no ámbito das súas competencias, a redución desta fenda salarial é unha preocupación perentoria do Goberno galego.



Proba diso é o Decreto Lexislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, no que xa se prevé a integración transversal da igualdade no campo laboral, debendo levar a cabo políticas que incidan na redución da fenda salarial.

Ademais, as actuacións do Goberno galego para reducir a fenda salarial céntranse no desenvolvemento das medidas legais establecidas na normativa estatal consistentes principalmente no impulso dos plans de igualdade nas empresas. Para iso dispónse, entre outras, das seguintes medidas:

1. Orde anual de Axudas de plans de igualdade, teletraballo, e flexibilización e conciliación. Unha delas é a do teletraballo, recentemente obxecto de regulación lexislativa e que supón o incremento da capacidade das mulleres para o acceso a postos de traballo de calidade que lle permitan a necesaria flexibilización. Así mesmo a concesión de incentivos para a flexibilidade horaria van colaborar na mellora da poboación feminina en idade de traballar e con cargas familiares.
2. Regulación da formación voluntaria e mínima en materia de igualdade laboral dos cadros sindicais e a representación das empresas na negociación dos plans de igualdade a través do diálogo social e a súa regulamentación posterior. No 2021 en total foron 800 persoas formadas en rexistro retributivo como ferramenta que identifica as fendas e 1.600 en plans de igualdade.
3. Desenvolvemento regulamentario da certificación galega en materia de igualdade, promoción pública da mesma co obxectivo de que as empresas desenvolvan cotas máis altas nesta materia, o cal vai favorecer a redución da fenda salarial, e indirectamente fomentar a corresponsabilidade e a conciliación familiar e laboral.

Pero ademais, o Goberno galego está a traballar na nova lei de igualdade, unha normativa que nace co obxectivo de seguir situando a Galicia á vangarda da busca da igualdade laboral, para actualizar e unificar nun mesmo texto as actuacións e medidas para loitar contra a discriminación múltiple e os ataques sexistas á muller, así como referendar o compromiso coa formación profesional e o emprego feminino de calidade.





A normativa introducirá ademais a idea do benestar laboral nas empresas, vinculada coas políticas de conciliación, relevo por maternidade, prevención de riscos laborais, teletraballo e responsabilidade social empresarial. Pero tamén busca regular medidas especiais para introducir a perspectiva de xénero no teletraballo e a promoción das boas prácticas do tecido produtivo galego, como o dereito á desconexión, o acceso prioritario a esta modalidade de traballo a vítimas da violencia de xénero ou a realización de actividades de formación”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 12:18:38
Nº Rexistro: 41100
Data envío: 15/09/2022 12:18:38.087

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/09/2022 12:18:34

CSV: BOPGDSPG-fb2mBwnc1-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 30402** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noa Díaz Varela, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as accións da Xunta de Galicia en relación co cumprimento da Lei 13/2021 do 20 de xullo e as previsións respecto da presentación da avaliación do II programa Muller e Ciencia”** (publicada no BOPG número 282 do 24 de febreiro de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“O pasado 27 de xaneiro a secretaria xeral da Igualdade deu resposta, na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego do Parlamento galego, á pregunta oral do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego número de rexistro 27139 sobre as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia para dar cumprimento á Lei Ángeles Alvariño para garantir a igualdade real entre mulleres e homes no ámbito universitario e da investigación.

Na seguinte ligazón pódese consultar a resposta:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=YTcxNzk0MzktOTUyMy00NGIOLWJiZTEtNjk2OTA3ZmE1M2M4&start=6417>

Por outra banda, destácase que, o pasado 9 de xuño, o consello da Xunta deu luz verde ao acordo polo que se aproba o III Programa galego de muller e ciencia 2022-2025.





Este instrumento contará co maior orzamento da súa historia, 44,7 millóns de euros.

Cos obxectivos de lograr un sistema galego da ciencia, tecnoloxía e innovación que incorpore de xeito efectivo o principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, e de promover e difundir os contidos da Lei 13/2021, do 20 de xullo, pola que se modifica o Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, para garantir a igualdade real entre mulleres e homes no ámbito universitario e da investigación.

O documento conta con 20 obxectivos específicos e 50 medidas para avanzar na incorporación das mulleres, en condicións de igualdade, ao ámbito científico e tecnolóxico. Todas elas artéllanse en torno a 4 eixes prioritarios.

Así, desde un enfoque integral, a Xunta acometerá actuacións ata o ano 2025 coas que se pretende contribuír a incrementar en 5 puntos a porcentaxe actual de mulleres entre o persoal docente investigador, para pasar do 42 % a un mínimo do 47 %. Tamén se aspira a subir tres puntos a proporción de mulleres catedráticas, ata polo menos o 27 %.

Nese sentido, o programa priorizará as necesidades das mulleres co obxectivo de avanzar no respecto á diversidade e de reter o talento feminino como motor do desenvolvemento tecnolóxico, económico, social e sostible de Galicia.

Para o deseño do III Programa Muller e Ciencia, a Xunta abriu un proceso participativo, que contou coas contribucións chegadas dos diferentes departamentos do Goberno galego, de asociacións de mulleres científicas e de representación das empresas e centros de ámbito tecnolóxico.





XUNTA
DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



Xacobeo 21-22

E a nova estratexia basease nos éxitos acadados co II Programa Muller e Ciencia 2016-2020, que permitiu levar a cabo 135 actividades que chegaron a máis de 14.000 persoas. Estas accións estiveron dirixidas principalmente ao eido escolar e universitario. Ademais, o II Programa tivo impacto directo na carreira profesional de 520 mulleres que se incorporaron ao ámbito investigador e na doutras 20 que foron promovidas a desenvolver postos de carácter directivo”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2022 12:59:26
Nº Rexistro: 40750
Data envío: 12/09/2022 12:59:26.023

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/09/2022 12:59:23

CSV: BOPGDSPG-fb2mBwnc1-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 30428** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a valoración do Goberno galego respecto do número de accidentes que rexistra o sector servizos"** (publicada no BOPG número 282 do 24 de febreiro de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"Para valorar a sinistralidade laboral rexistrada no sector servizos no período xaneiro-setembro do 2021 débense diferenciar dous indicadores:

- a) O número absoluto de accidentes.
- b) O índice de incidencia, que pon en relación os accidentes acaecidos co número de persoas traballadoras expostas.

Respecto a que sexa o sector con número absoluto de accidentes, a razón principal é que máis da metade das persoas traballadoras cotizantes pertencen a actividades deste sector. Pero se analizamos a incidencia deses mesmos datos, resulta que este sector no seu conxunto é o de menor incidencia, é dicir, ten unha sinistralidade menor en relación ao número de persoas traballadoras expostas.

Contando con estes dous indicadores, a valoración que se fai é que debemos continuar con actuacións e programas de redución da sinistralidade laboral e de mellora da xestión preventiva destinados a actividades do sector servizos e, de xeito singular, á promoción da prevención de riscos laborais nas pemes, micropemes e o traballo autónomo, ao tempo que se reforza o seguimento e control do





cumprimento da normativa na materia. O obxectivo non é outro que o de continuar na tendencia á baixa da sinistralidade laboral en Galicia e, sobre todo, dos accidentes mortais que no sector servizos neste período e respecto ao mesmo período do ano anterior diminuíron de 16 a 12”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2022 10:34:54
Nº Rexistro: 40707
Data envío: 12/09/2022 10:34:54.325

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/09/2022 10:34:51

CSV: BOPGDSPG-fb2mBwnc1-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 30731**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a creación dun observatorio galego da igualdade entre homes e mulleres no sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola"**, (publicada no BOPG número 282 do 24 de febreiro de 2022), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo do Pleno do Parlamento, celebrado o 8 de marzo de 2022, no debate da iniciativa con número de rexistro, 30734, presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MjQ0Yzk4NTAtZDNhOS00ODI2LWFiODQtNWY2ZTI1ZTEzYWFi&start=9297>

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre a erradicación da desigualdade entre homes e mulleres no sector do mar".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 10:31:10
Nº Rexistro: 41065
Data envío: 15/09/2022 10:31:10.388

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/09/2022 10:31:06

CSV: BOPGDSPG-fb2mBwnc1-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión : **30767**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Daniel Castro García e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración do Goberno respecto da situación socioeconómica das mulleres galegas”** (publicada no BOPG número 282 do 24 de febreiro de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

O pasado 20 de maio a directora xeral de Relacións Laborais contestou na Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos do Parlamento galego, a pregunta oral do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego número de rexistro 32013 sobre as actuacións desenvolvidas polo Goberno galego para mitigar o aumento das desigualdades de xénero no contexto económico de incremento constante da inflación.

Na seguinte ligazón pódese consultar a resposta:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=YjNjNDBjMzktZTMwMi00ZDRhLWEzZmUtMGVjMGFhNWJLOWRh&start=136>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 13:31:14
Nº Rexistro: 41128
Data envío: 15/09/2022 13:31:14.953

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/09/2022 13:31:11

CSV: BOPGDSPG-fb2mBwnc1-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 30777**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Otero Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto de facilitar o acceso das mulleres aos órganos de dirección, representación e organización no sector da pesca”**, (publicada no BOPG número 282 do 24 de febreiro de 2022), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo do Pleno do Parlamento, celebrado o 8 de marzo de 2022, no debate da iniciativa con número de rexistro, 30734. O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MjQ0Yzk4NTAtZDZhOS00ODI2LWFiODQtNWY2ZTI1ZTEzYWFi&start=9297>

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre a erradicación da desigualdade entre homes e mulleres no sector do mar”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2022 17:44:13
Nº Rexistro: 40916
Data envío: 13/09/2022 17:44:13.752

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2022 17:44:11

CSV: BOPGDSPG-fb2mBwnc1-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión: **30818**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Iria Carreira Pazos e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas previstas polo Goberno galego para frear a discriminación que sofren as persoas trans en xeral e as mulleres trans en particular no eido laboral”** (publicada no BOPG número 282 do 24 de febreiro de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno galego está a impulsar desde hai anos medidas e políticas para acadar a igualdade de oportunidades en todos os ámbitos, tamén no tecido empresarial e produtivo, buscando a mellora das condicións laborais das persoas traballadoras, a promoción profesional e a mellora de salarios de mulleres e homes, sen atender a ningún tipo de distinción.

Por iso, Galicia conta desde o ano 2014 cunha lei específica e propia de igualdade de trato e a non discriminación das persoas LGTBI (Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de LGTBI en Galicia) convertendo a Galicia na primeira comunidade cunha lexislación propia e desde 2018 co Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero.

De feito, o pasado 29 de xuño de 2022 reuniuse de novo o pleno do Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero, onde se aprobou unha declaración institucional con motivo do Día Internacional do Orgullo LGTBI e se informou sobre o estudo específico que a Xunta de Galicia está a elaborar sobre a situación laboral do colectivo para coñecer a súa realidade concreta e as discriminacións poidan sufrir no eido laboral.





O obxectivo non é outro que analizar as raíces para poder valorar a posta en marcha de medidas desde as diferentes administracións, en colaboración co tecido empresarial, á fin de favorecer a igualdade de oportunidades laborais.

Tamén no ámbito laboral, a Dirección Xeral de Relacións Laborais ofrece permanentemente e de forma aberta o diálogo social para manter un contacto fluído e abordar calquera asunto ou tema que aos axentes lles resulte de interese.

E neste sentido hai que destacar a "Guía para a prevención e o tratamento do acoso sexual e o acoso por razón de sexo nas pemes", publicada o mes de setembro de 2021, que está a disposición de todas as empresas e da cidadanía en xeral.

No ámbito da formación e da prevención laboral tamén traballa o Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (ISSGA). A diversidade é sinónimo de heteroxeneidade e, partindo da base de que as nosas empresas son diversas porque están formadas por persoas traballadoras diferentes, o seu obxectivo é integrar a diversidade na xestión preventiva e empresarial para garantir a igualdade e a non discriminación e para lograr un impacto empresarial, económico e social.

Así, o ISSGA traballa para que a prevención laboral inclúa todo tipo de diversidade, tamén a sexual, á fin de evitar calquera tipo de discriminación contra persoas traballadoras. E imparte formación en igualdade laboral, prestando atención aos colectivos especialmente vulnerables e con maior risco de sufrir algún tipo de discriminación no ámbito laboral, como é o caso do colectivo LGTBI".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 10:30:53
Nº Rexistro: 41063
Data envío: 15/09/2022 10:30:53.638

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/09/2022 10:30:49

CSV: BOPGDSPG-fb2mBwnc1-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 30825**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonso e dona Rosana Pérez Fernández, sobre **"as medidas previstas pola Xunta de Galicia respecto da recuperación da produción marisqueira da ría de Ferrol"**, (publicada no BOPG número 282 do 24 de febreiro de 2022), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O Goberno galego está a traballar de xeito intenso desde 2019, e así o imos seguir facendo, no estudo da produción da ría de Ferrol e na adopción de medidas que permitan incrementar a súa produtividade.

Ese labor e as últimas mostraxes realizadas revelan unha melloría nalgúns especies de moluscos bivalvos presentes no banco das Pías.

Destaca a mellora do stock comercial da ameixa fina, do berberecho e da ameixa babosa, o que contribuirá a mellorar o resultado das capturas.

Somos conscientes de que queda moito traballo por facer para recuperar os niveis de produción da ría de anos pasados, pero estamos a centrar todos os esforzos nese obxectivo e xa conseguimos avances:

As cifras de facturación pola venda de moluscos bivalvos na ría acadaron en 2021 os 2,8 millóns de euros, a cifra máis alta dos últimos catro anos.

Imos continuar coa senda iniciada en 2019, cando puxemos en marcha un plan de medidas para a mellora dos bancos marisqueiros que:

Foi artellado en base a criterios técnicos.





XUNTA
DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



Xacobeo 21-22

Contou cun orzamento de arredor de 800.000 euros.

Incluía distintas actuacións como a remoción de substrato, o aporte de áridos, o control de talles ou a retirada de estrelas de mar, o principal depredador da ameixa babosa”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 10:30:38
Nº Rexistro: 41061
Data envío: 15/09/2022 10:30:38.061

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/09/2022 10:30:32

CSV: BOPGDSPG-fb2mBwnc1-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 31163** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noa Díaz Varela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións do Goberno galego respecto da elaboración do Estatuto da Muller rural de Galicia"** (publicada no BOPG número 286 do 2 de marzo de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"O pasado 22 de xullo a Xunta publicou o proxecto de lei para a igualdade efectiva de mulleres e homes no portal de transparencia para que tanto a cidadanía como entidades e administracións poidan realizar as súas suxestións ao texto proposto.

A nova norma nace co obxectivo de seguir a situar a Galicia na vangarda da busca da igualdade laboral, para actualizar e unificar nunha mesma norma as actuacións e medidas para a loita contra a discriminación múltiple e os ataques sexistas á muller, e referendar o compromiso coa formación profesional e o emprego feminino de calidade.

Ademais, incluírá un Estatuto das mulleres rurais e do mar co que se defenderá o compromiso de atender ás súas necesidades nas políticas de emprego autonómicas, e cunha relación propia de dereitos e de medidas para o fomento do seu asociacionismo".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2022 10:34:47
Nº Rexistro: 40706
Data envío: 12/09/2022 10:34:47,575

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/09/2022 10:34:44

CSV: BOPGDSPG-fb2mBwnc1-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 31220**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o proxecto de adecuación da superficie de acceso ao peirao de Raxó, en Pontevedra"**, (publicada no BOPG número 286 do 2 de marzo de 2022), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O 18 de xullo de 2022, a presidenta de Portos de Galicia e o delegado territorial da Xunta en Pontevedra, mantiveron un encontro co alcalde de Poio e representantes de distintas asociacións de veciños e entidades locais no que analizaron distintos asuntos de interese para o concello pontevedrés. Entre eles, o proxecto de mellora do bordo portuario de Raxó, no que as partes sentaron as bases dun acordo para o reparto do investimento e das obrigas a asumir tanto para a realización das obras -cun investimento previsto de máis de 800.000 euros- como para asumir o mantemento posterior dos espazos afectados ou a colaboración municipal coa ordenación do tráfico, entre outras.

Estas obrigas, que quedarán reflectidas nun convenio de colaboración entre Portos de Galicia e o Concello, supoñen que a Administración galega asumirá o 70% do custo dos traballos e o Goberno local o 30% restante. As actuacións suporán a remodelación do bordo portuario e a renovación integral das instalacións de redes de servizos municipais como abastecemento, saneamento, electricidade ou telefonía, entre outros.

O porto de Raxó distingue os usos estritamente portuarios e de interacción porto-cidade que dá servizo aos veciños, polo que procede a necesaria colaboración para a conservación e mantemento das obras e servizos municipais, facilitando o disfrute da cidadanía.

Os acordos acadados permitirán avanzar nas xestións necesarias para a tramitación e sinatura do convenio así como para poñer en marcha a licitación das obras, que suporán unha importante mellora para o conxunto da cidadanía respectando a actividade portuaria.





XUNTA
DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



Xacobeo 21-22

As partes tamén avaliaron a solicitude de concesión do Concello para habilitar un aparcadoiro na zona do paseo das Redeiras, sobre a que os representantes da Xunta reiteraron que non é viable tal e como está realizada pois pretende destinar as prazas a residentes cando non se poden reservar eses espazos para usos alleos ao portuario. Ante esta situación, Portos de Galicia trasladou a posibilidade de estudar alternativas posibles como o establecemento dun convenio entre o ente público e o Concello que permita habilitar unha zona de aparcamento libre así como a ordenación do tráfico por parte do Goberno local, entre outras cuestións”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2022 17:43:34
Nº Rexistro: 40910
Data envío: 13/09/2022 17:43:34.737

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2022 17:43:31

CSV: BOPGDSPG-fb2mBwnc1-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 31333**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Daniel Pérez López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as medidas previstas polo Goberno galego para garantir o mantemento da actividade e dos servizos que se prestan nas delegacións locais do Instituto Social da Mariña na Costa da Morte"**, (publicada no BOPG número 289 do 9 de marzo de 2022), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"Galicia segue con preocupación a situación na que se atopa o Instituto Social da Mariña (ISM) -dependente do Ministerio de Inclusión, Seguridade Social y Migracións- e as dificultades da frota para realizar os cursos de renovación dos certificados de formación básica para poder embarcar.

A comunidade defende a necesidade de dotar aos centros do ISM do persoal necesario para realizar as súas funcións con total normalidade.

Así llo trasladou xa en setembro de 2020 a conselleira do Mar ao ISM nunha xuntanza na que abordaron a situación do organismo, que complica a actividade do sector.

Neste encontro a Xunta propuxo distintas medidas para facer fronte ás dificultades administrativas e facilitar o traballo do sector. Entre elas, estarían a extensión das prórrogas de vixencia:

Dos certificados médicos de aptitude para o embarque.

Dos documentos de revisión dos botiquíns esixidos a bordo.





XUNTA
DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



Xacobeo 21-22

Dos certificados de formación sanitaria

É moi preocupante que o Instituto Social da Mariña (ISM) non se poña na situación dos mariñeiros e non lles dea facilidades para realizar os cursos de renovación dos certificados de formación básica, imprescindibles para poder embarcar. Non pode ser que os tripulantes queden sen poder traballar por un problema administrativo.

A comunidade defende a necesidade de que o ISM adopte as decisións oportunas para solucionar esta situación:

Mediante a convocatoria de máis cursos dirixidos ao sector.

Ou coa extensión das prórrogas da vixencia dos certificados dos mariñeiros”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 12:18:15
Nº Rexistro: 41097
Data envío: 15/09/2022 12:18:15.275

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/09/2022 12:18:11

CSV: BOPGDSPG-fb2mBwnc1-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión : **31503**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o cesamento das persoas contratadas por ASCM FERROL ao abeiro de subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación coas entidades sen ánimo de lucro”** (publicada no BOPG número 289 do 9 de marzo de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“ASCM FERROL está rexistrada no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS), sendo este un dos requisitos para ser entidade beneficiaria dos Programa de Cooperación (ORDE do 3 de agosto de 2021 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades sen ánimo de lucro e se realiza a súa convocatoria para o ano 2021). Cómpre sinalar que en ningún caso se trata de axudas dirixidas a Centros Especiais de Emprego.

ASCM FERROL solicitou en tempo e forma as subvencións contempladas en dita orde. De feito, con data 02/12/2021 (notificada o 03/12/2021), fóronlle aprobadas estas axuda por importe de 72.306 euros para o ano 2021, con cargo á aplicación orzamentaria 09.40.322C.481.7 (código de proxecto 2015 00489), equivalente aos custos salariais de 6 persoas traballadoras contratadas, maila cotización empresarial á Seguridade Social derivada de dito salario, para a realización do proxecto “CADMIN: XESTIÓN DA INCLUSIÓN”.



Con data 20/12/2021 procédese ao pagamento do adianto do 90% da axuda concedida a ASCM FERROL por importe de 65.075,40 euros. E o 21/12/2021 a entidade ASCM FERROL achega diversa documentación xustificativa para o pagamento, momento no que se detectou que se producira un incumprimento do disposto no artigo 15 das bases reguladoras da axuda, en tanto que, malia que a entidade tiña solicitado a selección directa das persoas traballadoras previa publicación no Portal de Emprego de Galicia (artigo 15.5), non cumpriu co disposto no punto 7 do dito artigo, que establece para a opción escollida, unha vez feita a selección e con carácter previo á contratación, a obriga de remitir á oficina de emprego correspondente a documentación necesaria para que esta faga as comprobacións exixidas no artigo 15.1 e remita á entidade beneficiaria o código identificador para a comunicación da contratación.

Desde o Servizo de Programas de Cooperación contáctase coa ASOC. SOCIOCULTURAL ASCM, con data 10/01/2021, para comunicarlle o citado incumprimento, informando da necesidade do reintegro da axuda e remitíndoselle resolución de inicio do procedemento de perda ao dereito ao cobramento o 11/02/2022 polo seguinte motivo: incumprimento do disposto no artigo 15.7.

O artigo 33.1.b) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia establece como causa de reintegro o incumprimento total ou parcial do obxectivo da actividade ou do proxecto ou non adopción do comportamento que fundamentan a concesión da subvención. E o apartado f) da mesma norma recolle o reintegro no caso de incumprimento das obrigas impostas pola administración ás entidades colaboradoras e aos beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ao modo no que se conseguen os obxectivos, se realiza a actividade, se executa o proxecto ou se adopta o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.



A entidade dispuña dun prazo de dez días para presentar alegacións, pero pasado dito prazo non se presentaron e con data 15/02/2022 a entidade ASOC. SOCIOCULTURAL ASCM procedeu á devolución voluntaria da axuda indebidamente percibida.

A Xunta de Galicia efectúa controis periódicos de verificación do cumprimento dos requisitos por parte das entidades beneficiarias de axudas públicas a través do servizo de Verificación de Fondos, no que se comproba o cumprimento e mantemento dos requisitos sinalados na convocatoria. No caso concreto da inserción laboral, esta cuestión tense en conta en cada nova convocatoria dos Programas de Cooperación, onde se prima con ata 30 puntos dun total de 80 ás entidades que apoiaron á inserción laboral dun maior número de persoas traballadoras, realizándose o control directamente a través das consultas á vida laboral de cada persoa traballadora”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 13:30:50
Nº Rexistro: 41125
Data envío: 15/09/2022 13:30:50.266

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/09/2022 13:30:47

CSV: BOPGDSPG-fb2mBwnc1-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 31934**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os datos relativos ao paro rexistrado en Galicia que ofrecen os ministerios de Traballo e Economía Social e de Inclusión, Seguridade Social e Migracións”** (publicada no BOPG número 292 do 16 de marzo de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“No mes de xullo, Galicia acada a cifra de paro máis baixa de toda a serie histórica. Desde o punto de vista intermensual, o paro rexistrado diminúe en 1.082 persoas (-0,77%), sendo o número de persoas paradas 139.850. Ademais, o mes de xullo rexistra en Galicia un comportamento mellor que no conxunto do Estado; deste xeito, mentres que na nosa comunidade baixa o paro un 0,77%, no Estado sobe un 0,11%.

No relativo á contratación, en Galicia sube de xeito intermensual nun 7,94% (firmáronse en Galicia 6.381 contratos máis que no mes de xuño), e a contratación indefinida medra en 314 contratos con respecto ao mes anterior (+1,05%). E na comparativa co Estado, tamén sae beneficiada Galicia, xa que mentres a contratación crece na nosa comunidade un 7,94%, no Estado descende nun 6,41%. Mentres que a contratación indefinida medra en Galicia un 1,05%, diminúe no conxunto do Estado un 12,46%.

Por outra banda, os últimos datos publicados, correspondentes ao mes de xullo de 2022, reflicten que o número medio de afiliacións en Galicia acadou a cifra de 1.058.193 cotizantes, o que supón un incremento de 9.670 traballadores (0,92%), situándose a un nivel superior ao reflectido hai trece anos. E tamén na creación de emprego melloramos a



España, xa que en Galicia medra un 0,92%, mentres que no conxunto estatal a afiliación cae nun 0,04%.

No que respecta aos Expedientes de Regulación Temporais de Emprego (ERTE), en xullo rexistráronse en Galicia 228 que afectaron a un total de 1.511 persoas traballadoras. Unha cifra que, se a comparamos co mes de xuño, deixa ver un ascenso de 322 persoas protexidas por ERTE, o que supón unha subida do 27,08%. Aínda que Galicia chegou a ter en abril do 2020 un total de 165.038 traballadores afectados por un ERTE, desde aquela, a cifra foise reducindo paulatinamente ata o mes de outubro. Pola contra, en novembro e decembro rexístrase un aumento dos traballadores en ERTE. Despois a cifra de persoas en ERTE descendeu en xaneiro, pero no mes de febreiro produciuse un aumento notable do 49%, volvendo a descender nos seguintes meses ata xaneiro do 2022. Sen embargo, en marzo de 2022, por segundo mes consecutivo, o número de persoas acollidas a un ERTE rexistra un lixeiro incremento. En maio do 2022 e como consecuencia da nova regulación deste mecanismo prodúcese un descenso moi acusado (-66,10%) e en xuño tamén se rexistra un descenso, aínda que máis moderado, en concreto a baixada é do 34,67%. E pola contra, este mes volve a producirse un aumento dos traballadores, en concreto de 322 persoas (27,08%).

A pesar do dato anterior, a evolución durante os meses que está a durar a pandemia resulta favorable, xa que neste período saíron dun ERTE un total de 163.527 persoas traballadoras, o que supón o 99,08%.

No Estado, a proporción de saídas é do 99,38%, o que significa que España conta cunha proporción semellante de traballadores que saíron dun ERTE.

Se detallamos os datos por colectivos, no que atinxe ás mulleres cabe destacar que en maio de 2020 (primeiro dato dispoñible) contabilizáronse 70.977 mulleres protexidas por un ERTE. Mentres que en xullo de 2022 esta cifra redúcese ata as 522. O balance destes últimos 26 meses reflicte unha evolución positiva, así, nos meses que está a durar a pandemia, saíron dun ERTE un total de 70.455 mulleres, o que supón o 99,26%. O descenso do colectivo masculino foi inferior, en concreto abandonaron esta situación 63.664 homes (98,47%).





Na evolución interanual, Galicia viña encadeando seis anos consecutivos de caída de paro interanual nun mes de xullo (serie 2014-2019). Despois da forte subida interanual de paro rexistrada no 2020 por efecto da covid-19, en xullo do 2022 mantense a melloría iniciada no 2021 e o paro acada un descenso interanual de 12.084 parados (un 7,95% menos). Polo tanto, o paro rexistrado diminúe no último ano nas catro provincias e nas sete grandes cidades; nos catro sectores económicos, especialmente na industria (-15,96%) e na construción (-11,05%); e nos colectivos prioritarios: mulleres (-7,84%), maiores de 44 anos (-4,96%), nos menores de 30 anos (-10,14%) e especialmente nos parados de longa duración (-19,88%).

Ao mesmo tempo, as afiliacións aumentan en Galicia con respecto a hai un ano nun 2,12%, o que supón 21.921 novos traballadores. E a contratación indefinida medra en 23.105 contratos con respecto ao ano anterior (+329,88%), sendo, ademais, un ritmo de subida superior ao estatal (314,50%)”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2022 10:32:11
Nº Rexistro: 40802
Data envío: 13/09/2022 10:32:11.978

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2022 10:32:03

CSV: BOPGDSPG-fb2mBwnc1-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 31935**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os datos relativos ao paro rexistrado en Galicia que ofrecen os ministerios de Traballo e Economía Social e de Inclusión, Seguridade Social e Migracións”** (publicada no BOPG número 292 do 16 de marzo de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“No mes de xullo, Galicia acada a cifra de paro máis baixa de toda a serie histórica. Desde o punto de vista intermensual, o paro rexistrado diminúe en 1.082 persoas (-0,77%), sendo o número de persoas paradas 139.850. Ademais, o mes de xullo rexistra en Galicia un comportamento mellor que no conxunto do Estado; deste xeito, mentres que na nosa comunidade baixa o paro un 0,77%, no Estado sobe un 0,11%.

No relativo á contratación, en Galicia sube de xeito intermensual nun 7,94% (firmáronse en Galicia 6.381 contratos máis que no mes de xuño), e a contratación indefinida medra en 314 contratos con respecto ao mes anterior (+1,05%). E na comparativa co Estado, tamén sae beneficiada Galicia, xa que mentres a contratación crece na nosa comunidade un 7,94%, no Estado descende nun 6,41%. Mentres que a contratación indefinida medra en Galicia un 1,05%, diminúe no conxunto do Estado un 12,46%.

Por outra banda, os últimos datos publicados, correspondentes ao mes de xullo de 2022, reflicten que o número medio de afiliacións en Galicia acadou a cifra de 1.058.193 cotizantes, o que supón un incremento de 9.670 traballadores (0,92%), situándose a un nivel superior ao reflectido hai trece anos. E tamén na creación de emprego melloramos a



España, xa que en Galicia medra un 0,92%, mentres que no conxunto estatal a afiliación cae nun 0,04%.

No que respecta aos Expedientes de Regulación Temporais de Emprego (ERTE), en xullo rexistráronse en Galicia 228 que afectaron a un total de 1.511 persoas traballadoras. Unha cifra que, se a comparamos co mes de xuño, deixa ver un ascenso de 322 persoas protexidas por ERTE, o que supón unha subida do 27,08%. Aínda que Galicia chegou a ter en abril do 2020 un total de 165.038 traballadores afectados por un ERTE, desde aquela, a cifra foise reducindo paulatinamente ata o mes de outubro. Pola contra, en novembro e decembro rexístrase un aumento dos traballadores en ERTE. Despois a cifra de persoas en ERTE descendeu en xaneiro, pero no mes de febreiro produciuse un aumento notable do 49%, volvendo a descender nos seguintes meses ata xaneiro do 2022. Sen embargo, en marzo de 2022, por segundo mes consecutivo, o número de persoas acollidas a un ERTE rexistra un lixeiro incremento. En maio do 2022 e como consecuencia da nova regulación deste mecanismo prodúcese un descenso moi acusado (-66,10%) e en xuño tamén se rexistra un descenso, aínda que máis moderado, en concreto a baixada é do 34,67%. E pola contra, este mes volve a producirse un aumento dos traballadores, en concreto de 322 persoas (27,08%).

A pesar do dato anterior, a evolución durante os meses que está a durar a pandemia resulta favorable, xa que neste período saíron dun ERTE un total de 163.527 persoas traballadoras, o que supón o 99,08%.

No Estado, a proporción de saídas é do 99,38%, o que significa que España conta cunha proporción semellante de traballadores que saíron dun ERTE.

Se detallamos os datos por colectivos, no que atinxe ás mulleres cabe destacar que en maio de 2020 (primeiro dato dispoñible) contabilizáronse 70.977 mulleres protexidas por un ERTE. Mentres que en xullo de 2022 esta cifra redúcese ata as 522. O balance destes últimos 26 meses reflicte unha evolución positiva, así, nos meses que está a durar a pandemia, saíron dun ERTE un total de 70.455 mulleres, o que supón o 99,26%. O descenso do colectivo masculino foi inferior, en concreto abandonaron esta situación 63.664 homes (98,47%).





Na evolución interanual, Galicia viña encadeando seis anos consecutivos de caída de paro interanual nun mes de xullo (serie 2014-2019). Despois da forte subida interanual de paro rexistrada no 2020 por efecto da covid-19, en xullo do 2022 mantense a melloría iniciada no 2021 e o paro acada un descenso interanual de 12.084 parados (un 7,95% menos). Polo tanto, o paro rexistrado diminúe no último ano nas catro provincias e nas sete grandes cidades; nos catro sectores económicos, especialmente na industria (-15,96%) e na construción (-11,05%); e nos colectivos prioritarios: mulleres (-7,84%), maiores de 44 anos (-4,96%), nos menores de 30 anos (-10,14%) e especialmente nos parados de longa duración (-19,88%).

Ao mesmo tempo, as afiliacións aumentan en Galicia con respecto a hai un ano nun 2,12%, o que supón 21.921 novos traballadores. E a contratación indefinida medra en 23.105 contratos con respecto ao ano anterior (+329,88%), sendo, ademais, un ritmo de subida superior ao estatal (314,50%)”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2022 10:31:59
Nº Rexistro: 40801
Data envío: 13/09/2022 10:31:59.166

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2022 10:31:55

CSV: BOPGDSPG-fb2mBwnc1-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión: **32165**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o funcionamento da Inspección de Traballo e Seguridade Social en Galicia e as actuacións realizadas e previstas pola Xunta de Galicia para melloralo”** (publicada no BOPG número 297 do 24 de marzo de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“A posible mellora das condicións da Inspección de Traballo e Seguridade Social (ITSS) non se abordou nas reunións que periodicamente se realizan con este organismo. Sen embargo, estas reivindicacións si se dirixiron de modo directo ao Organismo Estatal dependente do Ministerio de Traballo, chegando a un acordo cos sindicatos recentemente”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2022 10:30:15
Nº Rexistro: 41058
Data envío: 15/09/2022 10:30:15.280

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/09/2022 10:30:12

CSV: BOPGDSPG-fb2mBwnc1-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 32324** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noelia Otero Lago, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a actividade do Observatorio Galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero dende a súa creación e a previsión de xuntanzas para a ano 2022"** (publicada no BOPG número 297 do 24 de marzo de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia leva anos demostrando a súa implicación na loita contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero, e faino ademais a través de todos os seus departamentos, pois a igualdade e non discriminación responde ao principio de transversalidade debendo estar presente en cada unha das áreas de actuación.

En consecuencia, a inclusión social plena das persoas, con independencia da diversidade de orientación sexual e de identidade de xénero, constitúe unha prioridade do Goberno galego.

Neste sentido e coa finalidade de avanzar cada día máis neste eido, o Executivo autonómico está a traballar, cóbado con cóbado, con asociacións, organizacións e colectivos LGTBI que teñen un interese lexítimo na loita contra a discriminación por razón de orientación sexual ou identidade de xénero, en particular, no marco do Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero, un órgano dotado anualmente con 15.000 euros para o seu correcto funcionamento.





Froito deste traballo conxunto é o Regulamento de funcionamento do mesmo, no que se inclúe un procedemento específico para a tramitación de denuncias, e que se aprobou na sesión do Observatorio que tivo lugar o día 6 de xullo de 2021. Este instrumento foi elaborado da man das entidades LGTBI que o compoñen e que son as máis representativas da nosa comunidade:

- CASCO (Comité Antisida A Coruña)
- Nós Mesmas
- Alas Coruña
- Les Coruña
- Avante LGTBI
- A Rede Educativa de Apoio LGTBI de Galicia
- Chrysallis Asociación de Familias de Menores Transexuais
- Asociación Pvlse Vigo Queer LGTBIQ+

Así mesmo, destácase que o pasado 29 de xuño tivo lugar unha nova reunión do pleno do Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero na que, entre outros temas, abordouse a creación e composición de grupos de traballo sectoriais para afondar na realidade das persoas LGTBI, promover medidas que garantan os seus dereitos, así como, para dinamizar o funcionamento do propio Observatorio.

Ademais, destácase que desde 2016 a Xunta colabora a través de convenios con entidades que desenvolven actividades de promoción e defensa dos dereitos e intereses das persoas do colectivo LGTBI. Grazas a estes apoios poden desenvolver campañas de información social, acompañamento e asesoramento sobre recursos sociais e sanitarios dos que dispoñen, formación específica para o persoal das administracións públicas así como elaborar materiais didácticos.





XUNTA
DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



Xacobeo 21-22

Así mesmo sinálase que no ano 2017 apareceu, por primeira vez, unha partida específica nos Orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para as asociacións, organizacións e colectivos LGTBI.

O obxectivo da Xunta de Galicia non é outro que o de garantir que todas as persoas, sen importar a súa orientación sexual e identidade de xénero, poidan exercer plenamente os seus dereitos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2022 10:34:18
Nº Rexistro: 40702
Data envío: 12/09/2022 10:34:18.544

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/09/2022 10:34:15

CSV: BOPGDSPG-fb2mBwnc1-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 32531** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsión da Xunta de Galicia respecto do funcionamento da filмотeca de Galicia”** (publicada no BOPG número 300 do 30 de marzo de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 32532 e debatida na Comisión 4ª de data 23/06/2022; á que nos remitimos porque nela ofrécese información sobre as actuacións realizadas pola Xunta de Galicia ao redor da Filмотeca de Galicia como referente na promoción do cinema.

O debate pode consultarse, co número de rexistro da iniciativa, na Mediateca da web do Parlamento de Galicia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2022 10:34:11
Nº Rexistro: 40701
Data envío: 12/09/2022 10:34:11.435

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/09/2022 10:34:08

CSV: BOPGDSPG-fb2mBwnc1-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 32674** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a conservación e posta en valor da Torre de Sande no concello de Cartelle”** (publicada no BOPG número 300 do 30 de marzo de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 33073 e debatida na Comisión 4ª de data 10/06/2022; á que nos remitimos porque nela ofrécese información sobre a Torre de Sande, ben inmóble que ten a consideración de Ben de Interese Cultural e que está protexido polos seus valores propios de acordo co establecido na Lei 5/2016 do Patrimonio Cultural de Galicia”

O debate pode consultarse na Mediateca da web do Parlamento de Galicia a través da seguinte ligazón:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZTc4YWVmNGMtNWRjMC00NTQzLWJlMzgtYWY3NDU1Y2U4ZDFj&start=3734>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2022 10:33:42
Nº Rexistro: 40697
Data envío: 12/09/2022 10:33:42.701

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/09/2022 10:33:39

CSV: BOPGDSPG-fb2mBwnc1-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 33071** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noa Díaz Varela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as actuacións patrimoniais da Consellería de Cultura respecto de garantir a conservación e protección da Torre de Sande"** (publicada no BOPG número 303 do 5 de abril de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 33073 e debatida na Comisión 4ª de data 10/06/2022; á que nos remitimos porque nela ofrécese información sobre a Torre de Sande, ben inmovible que ten a consideración de Ben de Interese Cultural e que está protexido polos seus valores propios de acordo co establecido na Lei 5/2016 do Patrimonio Cultural de Galicia"

O debate pode consultarse na Mediateca da web do Parlamento de Galicia a través da seguinte ligazón:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZTc4YWVmNGMtNWRjMC00NTQzLWJlMzgtYWY3NDU1Y2U4ZDFj&start=3734>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2022 10:33:35
Nº Rexistro: 40696
Data envío: 12/09/2022 10:33:35.732

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/09/2022 10:33:32

CSV: BOPGDSPG-fb2mBwnc1-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 33082** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia para recuperar a convocatoria anual das probas de habilitación profesional para a tradución e a interpretación xurada doutras linguas para o galego e viceversa”** (publicada no BOPG número 303 do 5 de abril de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 33083 e debatida na Comisión 4ª de data 05/07/2022; á que nos remitimos porque nela ofrécese unha visión global sobre a situación das probas de tradución e interpretación xurada.

O debate pode consultarse, co número de rexistro da iniciativa, na Mediateca da web do Parlamento de Galicia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2022 10:33:21
Nº Rexistro: 40694
Data envío: 12/09/2022 10:33:21.092

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/09/2022 10:33:18

CSV: BOPGDSPG-fb2mBwnc1-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 33113** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noa Díaz Varela e dona Noelia Otero Lago sobre **"a valoración do Goberno galego respecto do informe Oferta, demanda e prácticas culturais nos menores de 16 anos do Observatorio da Cultura Galega do Consello da Cultura Galega"** (publicada no BOPG número 303 do 5 de abril de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 31676 e debatida na Comisión 4ª de data 22/04/2022; á que nos remitimos porque nela ofrécese unha valoración sobre os resultados do informe aludido así como un repaso por diversas liñas de actuación do Goberno galego en materia de oferta cultural para poboación moza.

O debate pode consultarse, co número de rexistro da iniciativa, na Mediateca da web do Parlamento de Galicia".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2022 10:33:05
Nº Rexistro: 40692
Data envío: 12/09/2022 10:33:05.811

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/09/2022 10:33:00

CSV: BOPGDSPG-fb2mBwnc1-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número: 33542**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noa Díaz Varela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións da Consellería de Emprego e Igualdade para que os servizos públicos ou entidades sociais colaboradoras poidan acreditar cun informe a condición de vítima de trata e explotación sexual”**(publicada no BOPG número 307 do 13 de abril de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno do Estado aprobou o Real decreto-lei 6/2022, do 29 de marzo polo que se adoptan medidas urxentes no marco do Plan Nacional de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraína, no que se contemplan medidas concretas no ámbito da atención ás vítimas de trata e explotación sexual que non se poderían poñer en marcha sen a colaboración das Comunidades Autónomas.

Así, na Conferencia Sectorial de Igualdade, celebrada o pasado 27 de maio, aprobouse por unanimidade o Acordo para a acreditación da condición de vítima de trata de seres humanos o explotación sexual, así como outras actuacións en materia de vítimas de trata con fins de explotación sexual e mulleres en contextos de prostitución.

Dito acordo foi remitido, previamente, ás distintas Comunidades Autónomas para alegacións. En Galicia, a Xunta consensuou coa Rede Galega contra a Trata propostas co obxectivo de mellorar ou matizar o borrador de acordo e que finalmente foron incorporadas polo Ministerio de Igualdade.





En canto ás entidades e organismos públicos que poderán emitir os informes de acreditación, en Galicia son:

- Servizos sociais da Administración pública autonómica ou local.
- Centros que compoñen a rede galega de información a Mulleres.
- Centros da Rede galega de acollemento.
- Servizos sociais comunitarios e especializados de Galicia, dependentes ou adscritos á Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia
- Entidades especializadas e con experiencia acreditada na detección, atención e protección a vítimas de trata con fin de explotación sexual que colaboran coa Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia:

ACCEM
ALIAD-ULTREIA
CÁRITAS DIOCESANA DE LUGO
CÁRITAS DIOCESANA DE OURENSE
CÁRITAS DIOCESANA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
CRUZ ROJA ESPAÑOLA
ONG ECOS DO SUR
ASOCIACION FARAXA POLA ABOLICIÓN DA PROSTITUCIÓN
FUNDACIÓN DE SOLIDARIDAD AMARANTA
HERMANAS OBLATAS DEL SANTÍSIMO REDENTOR DE FERROL
MÉDICOS DEL MUNDO
ONG FIET GRATIA





Por último, sinalar que tanto nos fondos finalistas do Pacto do Estado, como nos referidos ao Plan Corresponsables, as mulleres vítimas de trata, vítimas de violencia de xénero, teñen prioridade nos obxectivos dos programas financiados con ditos fondos.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2022 10:32:48
Nº Rexistro: 40690
Data envío: 12/09/2022 10:32:48.640

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/09/2022 10:32:45

CSV: BOPGDSPG-fb2mBwnc1-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 33744** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Martín Seco García e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto do futuro Estatuto da muller rural e da súa extensión ás mulleres do mar”** (publicada no BOPG número 309 do 20 de abril de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“O pasado 22 de xullo a Xunta publicou o proxecto de lei para a igualdade efectiva de mulleres e homes no portal de transparencia para que tanto a cidadanía como entidades e administracións puidesen realizar as súas suxestións ao texto proposto.

A nova norma nace co obxectivo de seguir a situar a Galicia na vangarda da busca da igualdade laboral, para actualizar e unificar nunha mesma norma as actuacións e medidas para a loita contra a discriminación múltiple e os ataques sexistas á muller, e referendar o compromiso coa formación profesional e o emprego feminino de calidade.

Ademais, incluírá un Estatuto das mulleres rurais e do mar co que se defenderá o compromiso de atender ás súas necesidades nas políticas de emprego autonómicas, e cunha relación propia de dereitos e de medidas para o fomento do seu asociacionismo.





En paralelo ao período de suxestións, a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade enviou o texto do proxecto para que realizasen as súas achegas a organizacións sindicais e empresariais, Universidades, á Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) e, entre outras, ás entidades máis representativas de colectivos profesionais como autónomos, mulleres do mar e do medio rural.

En liña con esta actuación o VIII Plan Estratéxico de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes 2022-2027, aprobado o pasado 19 de maio, aborda a través dun eixe transversal a ruralidade e no ámbito 4 do programa de liñas de acción recóllense medidas para avanzar na Igualdade de oportunidades para as mulleres rurais e do mar.

En conclusión, a Xunta de Galicia está a traballar de forma integral no recoñecemento e garantía dos dereitos destas mulleres con atención ás súas particularidades asociadas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2022 10:32:30
Nº Rexistro: 40688
Data envío: 12/09/2022 10:32:30.249

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/09/2022 10:32:27

CSV: BOPGDSPG-fb2mBwnc1-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA
DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2022 10:32:14
Nº Rexistro: 40686

Data envío: 12/09/2022 10:32:14.859

Data 12/09/2022 10:32



Xacobeo 21-22

Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 33920** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noelia Otero Lago e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **"a valoración do aumento de casos de agresións por odio contra as persoas do colectivo LGTBI e do grao de cumprimento da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, no ámbito escolar"** (publicada no BOPG número 312 do 27 de abril de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta por escrito á pregunta con número 33987 e publicada no BOPG número 342, de data 07/07/2022; á que nos remitimos".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2022 10:32:14
Nº Rexistro: 40686
Data envío: 12/09/2022 10:32:14.859

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/09/2022 10:32:11

CSV: BOPGDSPG-fb2mBwnc1-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 33998** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **"os efectos da inflación nos salarios"** (publicada no BOPG número 312 do 27 de abril de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Xuventude**, que ten o seguinte contido:

"En relación a esta pregunta escrita e, no que atinxe o ámbito da Consellería de Política Social, sinalar que a Xunta dispón dunha serie de medidas para poñer á disposición das familias e persoas máis vulnerables a axuda necesaria para mellorar a súa situación, entre as que se poden sinalar:

.- A Tarxeta básica, programa pioneiro e extraordinario en vigor desde xuño de 2020 para dar resposta ás necesidades básicas dos galegos en situación de vulnerabilidade ocasionada pola covid-19. Esta axuda artéllase a través de tarxetas-moedeiro que se poden empregar para a adquisición de produtos de alimentación, hixiene e farmacia. A súa contía depende do número de membros da unidade familiar: nos fogares unipersoais a axuda é de 150 euros ao mes; nos fogares de dous membros é de 200 euros mensuais; e nos de tres ou máis membros a achega é de 300 euros ao mes. A Xunta leva destinados máis de 36 M€ á Tarxeta básica, que xa beneficiou desde a súa posta en marcha a unhas 70.000 persoas.





.- Recentemente, acabada de aprobarse un complemento autonómico de 100 euros destinado a todas as persoas perceptoras do Bono social térmico, beneficiando a 66.400 familias. As contías deste bono oscilan entre os 228 e os 473 euros, en función de se a familia se considera vulnerable ou moi vulnerable, e da zona climática de Galicia onde resida.

.- O complemento extraordinario de 206 euros para os perceptores de pensións non contributivas da Seguridade Social e outras prestacións semellantes, abonado a arredor de 37.000 galegas e galegos.

.- A Renda de Inclusión Social de Galicia (RISGA), que perciben cada mes 7.000 persoas para superar a súa situación, e que contempla dous tramos complementarios para estimular o acceso ao emprego das persoas con máis dificultades: o tramo de inserción e o tramo de transición ao emprego.

Cómpre indicar que, ademais destas medidas, a Consellería de Política Social conta con programas estratéxicos para axudar ás persoas en situación ou risco de vulnerabilidade, así como para loitar contra a pobreza e a exclusión social. Estes son:

.- A Estratexia de Inclusión Social de Galicia. Esta Estratexia establece as prioridades no ámbito da inclusión social cun enfoque baseado na integración activa. Na actualidade estanse a desenvolver as medidas da Estratexia 2014-2020 que -en liña co marco financeiro dos fondos europeos- pódense continuar executando ata 2023. Así mesmo, e de maneira paralela ao desenvolvemento desta Estratexia, xa se está a traballar na nova Estratexia de Inclusión Social de Galicia Horizonte 2030.

.- A Axenda Social Única de Galicia. Esta Axenda constitúe o marco xeral de coordinación e cooperación entre os axentes públicos do Sistema Galego de Servizos Sociais -Xunta e entidades locais-; e igualmente coas entidades de iniciativa social. No período 2016-2020, acadouse un grao de cumprimento do 96%





das medidas recollidas na Axenda; e nestes momentos xa está en vigor a Axenda 2021-2024.

Por ultimo, lembrar que a Consellería de Política Social esta a traballar, da man dos profesionais e os expertos, nunha nova Lei de Inclusión Social que terá como piares básicos: a inserción sociolaboral, a redución da burocracia no acceso ás prestacións e a reordenación das axudas para adaptalas á nova realidade social”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2022 10:31:53
Nº Rexistro: 40683
Data envío: 12/09/2022 10:31:53.625

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/09/2022 10:31:50

CSV: BOPGDSPG-fb2mBwnc1-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 34430** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noelia Otero Lago, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración respecto dos casos de agresións de odio contra as persoas lesbianas, gais, transxéneros, transexuais, bisexuais e intersexuais”** (publicada no BOPG número 318 do 12 de maio de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“O pasado 18 de maio a secretaria xeral da Igualdade contestou, na Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior do Parlamento galego, a pregunta oral do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego número de rexistro 33939 sobre o incremento dos delitos de odio contra as persoas do colectivo LGTBI.

A Xunta de Galicia leva anos demostrando a súa implicación na loita contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero, e faino ademais a través de todos os seus departamentos, pois a igualdade e non discriminación responde ao principio de transversalidade debendo estar presente en cada unha das áreas de actuación.

Neste sentido, Galicia foi a primeira comunidade que contou cunha lei, a Lei 2/2014, de 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, que consolida o principio da igualdade de trato e non discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero das persoas LGTBI.



Polo tanto, a inclusión social plena, con independencia da diversidade de orientación sexual e de identidade de xénero, constitúe unha das prioridades do Goberno galego e coa finalidade de avanzar cada día máis neste compromiso, estase a traballar da man de asociacións, organizacións e colectivos LGTBI que teñan un interese lexítimo na loita contra a discriminación por razón de orientación sexual ou identidade de xénero, a través, de entre outros instrumentos, do Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero (Decreto 131/2018, do 10 de outubro).

Na seguinte ligazón pódese consultar a resposta:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NmM1M2Q5NTYtZWU5My00ZjUxLWFLYzQtZDg1MTE5MTRkMTI5&start=5501>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2022 10:31:29
Nº Rexistro: 40680
Data envío: 12/09/2022 10:31:29.329

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/09/2022 10:31:26

CSV: BOPGDSPG-fb2mBwnc1-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión: **34806**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Daniel Pérez López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os efectos das medidas implementadas nos últimos anos no mercado laboral”** (publicada no BOPG número 320 do 19 de maio de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“A análise dos datos do ano 2022 en Galicia amosan un panorama xeral de crecemento económico no marco dun mercado laboral no que todos os indicadores rexistran unha evolución positiva.

De feito, a Enquisa de Poboación Activa (EPA) do 1º e 2º trimestre de 2022 presentan o mellor escenario posible na súa evolución anual: incremento da poboación activa, xunto cun aumento da ocupación e un descenso do paro.

Segundo os últimos datos dispoñibles (EPA 2º trimestre de 2022), o número de parados diminuíu en 13.000 persoas con respecto a hai un ano, o que supón que o número de desempregados en Galicia situouse en 139.400, a cifra máis baixa nun segundo trimestre desde 2008. Pola súa banda, a taxa de paro situouse no 11,2, o que supón baixar máis dun punto con respecto ao 12,4 do segundo trimestre de 2021. Hai 14 anos que non se rexistraba nun segundo trimestre unha taxa tan baixa.





O número de ocupados situouse en 1.105.200 traballadores, con 28.500 empregados máis que hai un ano, de xeito que a taxa de emprego aumenta ata o 47,2, e a de actividade tamén aumenta situándose nun 53,2 e reflectindo un número superior de persoas activas (anualmente subiron 15.600).

En Galicia, a baixada do paro interanual débese exclusivamente á creación de emprego, feito constatado polo aumento efectivo que se rexistrou na ocupación. Polo tanto, a causa do descenso do paro foi resultado do aumento do emprego, e non se produciu como consecuencia dunha caída da poboación activa, que é o outro factor que explica os descensos do paro. Galicia conseguiu incrementar o seu número de activos en 15.600 novas persoas que se atopan en disposición de acceder ao mercado laboral.

Este incremento da actividade implica un dobre resultado positivo. Por unha banda supón un crecemento da poboación que quere incorporarse ao mercado laboral e, por outra, este tivo unha resposta positiva, sendo capaz de absorber esta demanda de actividade, dado que se incrementou á ocupación en 28.500 persoas e o paro descendeu (-13.000).

Con respecto a 2019, a comparativa, tanto en Galicia como no conxunto do Estado, está notablemente influída pola crise derivada da situación sanitaria que supuxo unha ralentización da economía global. A pesar diso, a resiliencia do mercado laboral galego trala covid-19 é un feito evidente: os 32.600 ocupados que perdeu Galicia no período de incidencia da pandemia, xa se recuperaron e mesmo se superaron. De feito, actualmente temos 54.800 ocupados máis que no trimestre que marcou a maior incidencia da crise sanitaria (2º trimestre de 2020).

Este crecemento do emprego que avala a EPA, reafírmase cos datos de afiliación da Tesoureira Xeral da Seguridade Social. Galicia conta con 1.058.193 afiliacións en xullo de 2022, sendo a cifra de altas de afiliación a máis alta desde o ano 2008.

Esta senda de recuperación do emprego vén acompañada por unha importante mellora da calidade do emprego xerado. Incluso se comparamos a situación actual



coa que atopábamnos en 2019, observamos un incremento da ocupación indefinida e a ocupación a xornada completa.

Os indefinidos no segundo trimestre de 2022 en Galicia aumentaron con respecto ao mesmo período de 2019 en 76.100 novos asalariados, o que representou un aumento do 11,85%, este incremento foi superior ao rexistrado no conxunto do Estado que foi do 8,61%. O crecemento do emprego indefinido entre as mulleres, tamén foi superior en Galicia (9,81%) que na media do Estado (8,56%).

Esta mellor evolución do emprego indefinido en Galicia, enmárcase dentro dun panorama xeral que sitúa a Galicia cunha maior porcentaxe de indefinidos que a que reflicte o conxunto do Estado. En Galicia representan o 79,9% do total de asalariados, mentres que a porcentaxe do total nacional é dun 77,7%. Ademais, esta porcentaxe incrementouse con respecto á rexistrada en 2019 en 6,6 puntos, tamén por riba do que sucedeu no Estado, 3,9 puntos.

Este incremento tamén se reflectiu entre as mulleres, de feito actualmente (2º trimestre de 2022), as mulleres galegas con contrato indefinido representan o 77,2% do total de asalariadas, mentres que no Estado representan o 75,2%. Medrando a porcentaxe de galegas indefinidas en 4,8 puntos con respecto a 2019, mentres que no conxunto do Estado sobe a súa representatividade con respecto a 2019 en 2,8 puntos.

Outro indicador que mide a calidade do emprego xerado é a contratación a tempo completo.

En Galicia, segundo a última EPA, contamos coa mesma porcentaxe de ocupados a xornada completa que no conxunto do Estado, un 86%. A evolución con respecto a 2019 tamén foi positiva e aumentaron os ocupados a xornada completa.

Dentro do emprego autónomo, destaca o avance do emprendemento en Galicia nesta última EPA (2º trimestre de 2022), non só con respecto a 2020 senón tamén con respecto a 2019. As persoas traballadoras por conta propia que empregan





asalariadas creceron en Galicia con respecto ao 2º trimestre de 2019 en 1.900, un 2,9% e con respecto ao 2º trimestre de 2020 en 7.500, un 12,32%. Este feito apuntala a mellora da calidade do emprego, dado que as novas persoas ocupadas empregan a súa vez a novos traballadores e contribúen notablemente ao dinamismo do tecido produtivo.

Esta boa evolución percíbese nos núcleos familiares. Neste sentido, segundo OS datos da última EPA, tamén mellora a situación dos fogares con respecto 2019. O número de fogares con todos os activos ocupados aumentan en 19.500, situando a cifra destes fogares en 636.600. A porcentaxe que supoñen sobre o total de fogares galegos é do 56,75% neste trimestre”.

